

# **PROGRAMACIÓN DE FRANCÉS**

**(Segunda Lingua estranxeira)**

**IES ROSALÍA DE CASTRO**

**CURSO 2016 /2017**

**1º, 2º, 3º e 4º ESO**

**1º e 2º Bacharelato**

**Bacharelato Internacional**

# Índice

1. Introducción e contextualización.	2-4
1.1. Estratexias discursivas en Lingua Francesa (Materia de libre configuración)	4-6
2. Obxectivos de etapa. Contribución da materia ao logro das competencias clave.	6-10
3. Criterios de avaliación e estándares mínimos esixibles.	10-54
4. Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido.	55-89
5. Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.	90-111
6. Metodoloxía.	112
7. Procedementos de avaliación.	113
8. Criterios de cualificación.	114
9. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial.	115
10. Medidas de atención á diversidade.	115-117
11. Accións de educación en valores e de contribución ao Plan de convivencia.	117
12. Accións e contribución ao Plan TIC do centro.	118-119
13. Accións e contribución ao Proxecto lector e Proxecto lingüístico do centro.	119-121
14. Actividades de reforzo e/ou recuperación.	121
15. Materiais didácticos, incluídos os libros de texto.	122
16. Actividades complementarias e extraescolares.	125
17. Procedemento e sistemática de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias básicas e obxectivos de etapa, por parte do alumnado.	126
18. Procedemento e indicadores para avaliar a propia programación.	127-131

## 1. Introducción e contextualización

O Instituto Rosalía de Castro atópase situado no centro do casco urbano de Santiago de Compostela. A maioría dos alumnos procede do colexio Pío XII e o resto do centro da cidade ou de poboacións veciñas. Por este motivo a maioría deles contan con familias de clase media que os apoian, axudan e participan na súa educación. Isto redonda nos alumnos que adoitan ter un bo nivel así coma unha actitude de traballo e interese. En concreto na nosa asignatura, contamos con alumnos moi motivados, sobre todo a partir de 3º de ESO cando eles deciden collela por propia iniciativa a pesar do nivel de esixencia que mantemos na mesma xa que o noso obxectivo é que se poidan presentar aos exames oficiais de DELF.

No noso sistema educativo, a ESO contéplase como unha etapa fundamental que vai proporcionar ao alumnado a formación necesaria para poderse desenvolver como cidadáns/-ás responsables, contribuíndo ao seu desenvolvemento persoal e profesional, e o Bacharelato completará esta formación de maneira inequívoca. É, por iso, unha educación **común**, con obxectivos compartidos por todas as materias, que teñen como meta lograr que o alumnado, froito de contextos socio-culturais, de situacións familiares, expectativas, aptitudes e personalidades diferentes, logre acadar as competencias básicas os da ESO, e completalas os de Bacharelato. Ditas competencias básicas inciden en aquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde un punto de vista integrador e son as que deben desenvolver o noso alumnado ó rematar os seus estudos da ESO, que o capacitarán para incorporarse de forma satisfactoria na vida adulta e para continuar cos estudos de Bacharelato.

Por iso, desde o noso Departamento, velaremos por:

- Mellorar o rendimento académico do alumnado nas áreas lingüísticas.
- Mellorar a expresión oral e escrita en francés, a través dunha metodoloxía eficaz e dun programa de lecturas completo.
- Promover o gusto pola lectura.
- Realizar adaptacións curriculares nos casos de alumnos que partan de cero ou daqueles con dificultades detectadas e avaliadas polo Dpto. de Orientación, e tamén o enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades.
- Fomentar o uso dos materiais dixitais que sirvan de material complementario ao alumnado, ben para reforzo ou coma extensión dos seus coñecementos.
- Reflexionar sobre os nosos obxectivos con outras áreas lingüísticas para elaborar estratexias comúns de actuación que nos permitan obter mellores resultados na práctica docente.

- Consensuar as programacións das cinco áreas para poder organizar un Currículo Integrado Lingüístico.
- Educar en valores colaborando co Centro nas actividades que propoña a este respecto.
- Mellorar a convivencia no centro, utilizando os distintos recursos.

O departamento de francés presenta unha Programación para **1º, 2º, 3º, 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato seguindo** todas as pautas que nos indica a **LOMCE**.

Contaremos este curso 2016/2017 cos seguintes grupos e niveis:

- 1º ESO: 4 grupos
- 2º ESO: 4 grupos
- 3º ESO: 4 grupos
- 4º ESO: 3 grupos
- 1º Bacharelato (2 horas): 3 grupos
- 1º Bacharelato (1 hora): 2 grupos
- 1º BI: 1 grupo
- 2º Bacharelato: 2 grupos
- 2º Bacharelato BI: 1 grupo

Os obxectivos serán adaptados aos grupos concretos, considerando os datos obtidos na **Avaliación Inicial**. Tamén se terá en conta a heteroxeneidade dos mesmos e **as medidas de atención á diversidade**, así como as características propias do Centro.

Na ESO utilizaremos os libros da editorial SGEL: **Facile 1, 2, 3 e 4**. En 1º de Bacharelato, **Génération Lycée 2** da editorial Santillana e en 2º de Bacharelato, **À vrai dire** A2 B1 de Vicens Vives. En 1º e 2º de Bacharelato utilizaremos tamén outros materiais de distintas editoriais adaptados ó Marco común Europeo. Deste xeito o alumnado que o desexe poderá presentarse aos exames oficiais do DELF B1 ou B2 que teñen lugar no último trimestre, ben nas EOI ou ben organizados pola Alianza francesa.

## **Profesores do Departamento de Francés**

**Ubaldo Rueda (director):** 1 grupo de 2º BI

**Mari Carmen Maril (xefa departamento):** 3 grupos de 1º bacharelato (2 horas), 2 grupos de 1º de bachillerato (1 hora), 2 grupos de 2º de bacharelato.

**Encarnación Martínez Botana:** 2 grupos de 1º ESO, 2 grupos de 2º ESO, 2 grupos de 3º ESO, 1 grupo de bacharelato e 1 grupo de 4º.

**Rosina Pereira Romero:** 1 grupo de 1º ESO, 2 grupos de 2º ESO, 2 grupo de 3º ESO, 2 grupos de 4º ESO, 1 grupo 1º Bacharelato (2horas).

**Verónica Liste Rodríguez:** Imparte nos ciclos de turismo

## **1.1. Estratexias discursivas en Lingua Francesa**

Este curso, igual ca o curso pasado, ofertarase unha nova materia do departamento de francés, despois de ser aprobada pola CCP e posteriormente pola Inspección.

As materias de libre configuración están suxeitas ao artigo 12 da RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/2016 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Nome da materia ofertada:** Francés comprensión e expresión oral.

### **Xustificación**

O departamento de francés considera necesario para o noso alumnado implantar unha hora de preparación e profundización das competencias de comprensión e de expresión oral do idioma, ademais das dúas horas que contempla o novo currículo da LOMCE (antes catro horas semanais), motivo polo cal presenta a proposta de introdución dunha nova materia de libre configuración en 1º de Bacharelato.

Expoñemos a continuación os motivos en que baseamos a necesidade desta nova materia:

- O fomento do plurilingüismo é un dos tres ámbitos sobre os que a LOMCE fai especial incidencia.
- O dominio dunha segunda lingua estranxeira, a súa incorporación curricular e o seu reforzo ocupan un lugar destacado no Preámbulo da LOMCE. De feito, a política lingüística europea artículase en base ao principio da UE que subliña a importancia de **aprender Linguas estranxeiras** para facer fronte aos desafíos que formulan as circunstancias económicas e sociais cambiantes.

- O Plan galego de potenciación de linguas estranxeiras ten como obxectivo que o alumnado acadе unha boa competencia en varias linguas estranxeiras, ademais dunha competencia similar nas linguas oficiais.
- A conveniencia de dotar ao alumnado dunha **certificación oficial** do nivel acadado nunha lingua estranxeira de acordo co Marco Europeo Común de Referencia, emitida ata este momento polas Escolas Oficiais de Idiomas ou pola Alliance Française, e, esperamos que en breve, pola Consellería de Educación a través dos Institutos de Secundaria elixidos para a realización das probas DELF A1, A2, B1 e B2 (Diplôme enseignement langue française).
- As universidades establecen que “os estudantes das titulacións de grao para a obtención do seu título deben acreditar o nivel B1 de coñecemento dunha lingua estranxeira consonte o Marco Europeo Común de Referencia para as linguas (MECR)”. A Universidade de Santiago de Compostela publicou o Recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de Grao (Aprobado no Consello de Goberno celebrado o 31 de outubro de 2013).

A pesar de todo anteriormente exposto a 2ª lingua estranxeira perde unha carga lectiva moi importante pasando de catro horas a dúas semanais. Isto non permite o suficiente desenvolvemento e posta en práctica das catro destrezas lingüísticas avaliadas nas probas de certificación oficiais. Esta redución complica enormemente a obtención do **diploma DELF B1** que, ata a implantación da LOMCE, unha parte do alumnado conseguía acadar.

O alumnado que chega á universidade con un B1/B2 terá as seguintes **vantaxes**:

1. TITULO DE GRAO: terá xa superada a materia obrigatoria que todo estudante debe cursar para obter o GRAO: un B1/B2 en calquera lingua. Na Universidade non reciben clases de linguas, pero **para expedir o título é necesario un B1/B2 nunha lingua estranxeira.**
2. CONVALIDACIÓN DE LIBRE CONFIGURACIÓN: o Diploma DELF é convalidado a partir do 2º curso por materias de libre configuración, **B1** serían **3 créditos e B2, 6.** Dependendo das carreiras e das Universidades poden chegar ata 8 e 10 créditos respectivamente.

3. ERASMUS +: para poder ir a algún país como ERASMUS+ necesitan unha certificación que acredite o coñecemento da lingua do país, ou ben facer un exame que propón a Universidade. Se xa dispoñen do DELF B1 ou B2, estarán eximidos de realizar as mencionadas probas.

O noso obxectivo será o de intentar conseguir que a maior parte do alumnado que cursa a optativa de 2 horas de francés poida, con esta hora máis de práctica e **profundización da comprensión e da expresión oral**, acadar o nivel que corresponde ao curso 1º de Bacharelato. Unha parte do alumnado que así o desexe e que se sinta preparado, poderá presentarse ao DELF B1 que se desenvolverá nos centros acreditados para tal fin. Se prosiguen co estudo do idioma poderán acadar o nivel de 2º de Bacharelato (3 horas Currículo LOMCE) e presentarse ás probas do DELF B2. Deste xeito, esta clase de 50 minutos adicárase especialmente a profundizar a comprensión e a expresión oral. En canto á comprensión e expresión escrita, faranse tamén un mínimo de dúas probas completas tipo DELF B1 a modo de práctica durante o curso, o resto de actividades de comprensión e expresión escritas serán realizadas xunto coa clase de referencia.

Para a realización da Programación, seguiremos o Decreto 85/2015 do 25 de xuño, que establece os novos Currículos e a Programación LOMCE da 2ª lingua estranxeira Francés I, nos bloques concernientes á comprensión e á expresión oral.

## 2. Obxectivos de etapa

**En 1º e 3º de ESO os principais obxectivos serán os seguintes: a, c, d, i, o**

OBXECTIVOS DE ETAPA: ESO (Currículo LOMCE)
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías,

especialmente as da información e a comunicación.
f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### En 1º de Bacharelato os principais obxectivos serán: a, b, c, f, p

<b>OBXECTIVOS DE ETAPA: BAC (Currículo LOMCE)</b>
a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en



equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE FRANCÉS AS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG luns, 29 de xuño de 2015), no marco da proposta realizada pola Unión Europea identificáronse sete **competencias clave**:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A materia de francés, dado que é unha lingua estranxeira, contribúe en maior medida ao desenvolvemento da **Competencia en comunicación lingüística**. Pero tamén contribúe á **competencia dixital**, á **competencia para aprender a aprender**, **competencias Sociais e cívicas**, **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, e **Conciencia e expresións culturais**.

### 1. Comunicación lingüística (CL):

- 1.1. Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.
- 1.2. Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.
- 1.3. Ser capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a Linguaxe apropiada a cada situación.
- 1.4. Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- 1.5. Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.

1.6. Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece.

## **2. Competencia dixital (CD)**

2.1. Acceder a todo tipo de información que se pode encontrar en francés.

2.2. Utilizar o francés para comunicarse con outras persoas a través do correo electrónico, foros, etc.

2.3. Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.

2.4. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

## **3. Competencia para aprender a aprender (CAA)**

3.1. Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións.

3.2. Reflexionar sobre a propia aprendizaxe.

## **4. Competencia sociais e cívicas (CSC)**

4.1. Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.

4.2. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.

4.3. Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.

4.4. Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender cos outros.

## **5. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

5.1. Adquirir conciencia de valores e actitudes tales como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconhecimento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, asumir riscos...

5.2. Ser capaz de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións tanto no plano individual como en grupo.

5.3. Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, auto avaliación, conclusións e posibles melloras.

5.4. Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo. Poñerse no lugar do outro, valorar as súas ideas, dialogar e negociar, ser asertivos e traballar de forma cooperativa e flexible, ter espírito de superación e asumir riscos.

### 6. Competencia artística e cultural. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

6.1. Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron dende distintas áreas á manifestación artística.

6.2. Expresar en francés opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas.

6.3. Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.

6.4. Realizar representacións de simulacións e narracións.

### 3. Criterios de avaliación e estándares mínimos esixibles de 1º,2º, 3º,4º de ESO, 1º de Bacharelato, 1º de Bacharelato Libre configuración e 2º de Bacharelato.

#### TÁBOA 1

#### Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º de ESO

Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º de ESO			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B1. Comprensión de textos orais			
<p>B1.1. Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.</p> <p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre</p>	<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con</p>	<p>CCL, CD, CAA, CCEC.</p>	<p>SLEB 1.1. Comprende preguntas básicas sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a</p>

**Segunda Língua Estranxeira: Français 1º de ESO**

<p>a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>		<p>descrición moi básica dunha persoa.</p>
<p align="center">Criterios de avaliación</p>	<p align="center">Estándares de aprendizaxe</p>	<p align="center">Competencias clave</p>	<p align="center">Mínimos esixibles</p>
<p align="center"><b>B2. Producción de textos orais</b></p>			
<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación</p>	<p>CCL, CD, CAA, CCEC.</p>	<p>SLEB2.1. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e da e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi</p>

**Segunda Língua Estranxeira: Français 1º de ESO**

<p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas, cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>		<p>cotiáns, en conversas moi básicas.</p>
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B3. Comprensión de textos escritos			
<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e</p>	<p>CCL, CAA, CCE, CD.</p>	<p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios,</p>

**Segunda Língua Estranxeira: Français 1º de ESO**

<p>prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p> <p>B3.4. Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.</p>	<p>propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>		<p>catálogos e listas de prezos</p>
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
B4. Producción de textos escritos			
<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p> <p>SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.<sup>[1]</sup></p> <p>SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD.</p>	<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).</p> <p>SLEB4.4. Escribe mensaxes ou correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>

Segunda Língua Estranxeira: Français 1º de ESO			
Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<b>B5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe</b>			
<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico- discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p> <p>SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD.</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos. Produce con suficiente intelixibilidade <b>léxico escrito e oral básico</b> relativo aos seguintes campos semánticos: saúdos, colexio (horarios, materias, etc.), o corpo, adxectivos, cores, roupa, casa, o tempo atmosférico, descrición física, obxectos persoais, familia, animais domésticos, días, meses, estacións, alimentos e bebidas, números 1-30, lecer e deporte, e transportes.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p> <p>SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula. Así, é capaz de pedir ou dar información sobre datos persoais utilizando adecuadamente o léxico necesario e as <b>estruturas sintáctico-discursivas</b> seguintes: Expresión de relacións lóxicas: conxunción (<i>et</i>); disxunción (<i>ou</i>); oposición (<i>mais</i>); causa (<i>parce que</i>); finalidade (<i>pour</i>); comparación (<i>plus, moins</i>); explicativas (<i>parce que</i>). Relacións temporais (<i>avant, après</i>). Exclamación (<i>Oh là là! On y va!</i>); interxección (<i>oui!, non! Zut!</i>). Negación (<i>ne/n'...pas</i>). Interrogación (<i>qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?)</i>). Expresión do tempo: presente; futuro (<i>présent, futur proche</i>); <i>impératif</i>. Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (<i>présent</i>). Petición (<i>pouvoir : est-ce que je</i></p>

Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º de ESO

B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

*peux... ?*); intención/deseo (*vouloir*); cortesía (distinction *tu/vous*).

Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).

Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo...*).

Expresión do espazo (prépositions *et adverbos de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à +ville)*).

Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*); indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (de... à); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (d'habitude).

Expresión do modo (*à / en + medios de transport*).

SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, etc.), nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.



**TÁBOA 1**  
**Segunda Lingua Estranxeira: Français 2º ESO**

Segunda Lingua Estranxeira: Français 2º de ESO			
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<b>B1. Comprensión de textos orais</b>			
<p>B.1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.</p> <p>B.1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B.1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B.1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares. Por exemplo: un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	<p>CCL, CAA, CCEC, CD.</p>	<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre e a descrición moi básica dunha persoa.</p>

**Segunda Língua Estranxeira: Français 2º de ESO**

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos esixibles
<b>B2. Producción de textos orais</b>			
<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p> <p>B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.</p> <p>B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</p> <p>B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.) e pedir e dar indicacións.</p>	<p>CSIEE, CCL, CAA, CCEC, CD.</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.</p> <p>SLEB2.3. Pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, establece contacto social elemental, intercambia información moi básica e manifesta os seus gustos.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a.</p>

**Segunda Língua Estranxeira: Français 2º de ESO**

a, c, d, i.	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:  Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.  Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.  Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).  Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.  Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).  Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).  Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>Actividades de escoita en diversos soportes:  Escoita <b>á profesora</b> e responde as preguntas.  Escoita o <b>CD</b> e intenta comprender a situación.  Identifica ao falante ou falantes.  Observa, anticipa, formula hipóteses: ¿De qué se fala?  Escoita e verifica.  Escoita (dúas veces) e responde.  Reutiliza as palabras ou expresións para falar cos compañeiros/as.  Pregunta palabras descoñecidas.  Escoita, observa e responde verdadeiro ou falso.  Distingue fonemas.  Escoita e anota as informacións solicitadas.  Completa as frases coas palabras escoitadas.  Escoita (dúas veces) e sinala a resposta correcta.  Escoita unha canción e completa a letra.  Escoita e sinala, entre as opcións, o tipo de mensaxe: anuncio, breve exposición, instrucións, publicidade, debate na radio ou televisión, buzón de voz, etc.  Escoita e extrae información esencial  Escoita conversas breves (ámbito académico, familiar, gustos, reservas en hoteis ou restaurantes, compras, lecer, etc.) e extrae información específica.  Escoita conversas breves e sinala as respostas correctas entre as diferentes opcións (QCM ou escribindo frases sinxelas).  Escoita e sinala os distintos puntos de vista.</p> <p><b>Actividades de avaliación modelo Delf A2 (primeiro, segundo e terceiro trimestre):</b>  Escoita tres gravacións diferentes correspondentes a tres textos seguindo as pautas seguintes: 30 segundos para ler as preguntas; primeira escoita con 30 segundos de pausa e segunda escoita con 30 segundos de pausa). A continuación, responde marcando a opción correcta (QCM ou escribindo a información solicitada).</p>	<p>24 horas</p> <p>De 105 horas anuais, máis de 9 horas serán necesarias para actividades de avaliación e 24 horas aproximadamente para desenvolver actividades dos catro principais bloques.</p>



**Segunda Língua Estranxeira: Français 4º ESO**

Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 2: Producción de textos orais</b>			
a, c, d, i.	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p>a. Planificación: Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>b. Execución: Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados en clase previamente. Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Exemplos de procedementos lingüísticos: modificar palabras de significado parecido; definir ou parafrasear un termo ou expresión; usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta; pedir axuda, etc. Exemplos de paralingüísticos: sinalar obxectos; usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal); usar elementos cuasiléxicos ("<i>hum</i>", "<i>puah</i>"...) de valor comunicativo.</p> <p><b>B.2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</b></p> <p><b>B2.3. Rutinas ou modelos básicos de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</b></p>	<p>Escoita a presentación dun/dunha estudante francesa que fala dos seus estudos. Prepara a túa propia presentación (posibilidade de gravala).</p> <p>Diálogo simulado (<i>joué un rôle</i>) sobre a vida cotiá, coa finalidade de intercambiar información, expresar opinión, aceptar ou rexeitar invitacións, ofrecer ou pedir un obxecto ou servizo, organizar unha actividade (festa, viaxe, etc.).</p> <p>Diálogo simulado sobre xestións ou transaccións cotiás, viaxes, aloxamento ou transporte, compras, lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.).</p> <p>Preparación de pequenos textos para falar sobre un regalo, obxecto (instrucións de uso), un servizo, vacacións, lecer, etc.</p> <p>Exercicio de interacción: preparación dunha viaxe.</p> <p><b>Actividades de avaliación tipo Delf A2 (primeiro, segundo e terceiro trimestre):</b></p> <p>Entrevista dirixida: familia, ocio, gustos, estudos, contar un feito en pasado...</p> <p>Presentación: estudos, ocio, expectativas, xornada habitual, etc.).</p> <p>Interacción: diálogo simulado (cita para ir ao cine, organizar unha festa, proxecto de futuro, etc.).</p>	24 horas

Segunda Língua Estranxeira: Français 4º ESO			
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 3: Comprensión de textos escritos			
a, c, d, e.	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:  Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.  Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).  Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).  Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.  Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.  Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>Recoñece o formato de diferentes tipos de textos presentados en diversos soportes (<i>mail</i>, anuncios, instrucións, prohibicións, consellos, autorizacións, publicidade en Internet, artigos xornalísticos, correspondencia persoal e formal, fragmentos literarios de diversos xéneros, etc.).  Busca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line.  Identifica o tema co soporte visual.  Le extractos de prensa e recoñece autor, título, <i>chapeau</i>, presentación, tema...  Le extractos de prensa e responde as preguntas marcando a resposta correcta entre varias opcións (QCM, verdadeiro/falso ou completando e xustificando as respostas).  Le extractos de prensa e sinala a que seccións corresponden os titulares (<i>culture, économie, médias, politique, science, société...</i>).  Asocia titulares cos sumarios correspondentes.</p> <p><b>Actividades de avaliación modelo Delf A2 (primerio, segundo e terceiro trimestre):</b>  Le textos en distintos soportes (formatos e temas mencionados previamente) e asocia coa información relacionada.  Le titulares e sinala a que sección xornalística pertencen.  Le distintos tipos de textos e responde ás preguntas (QCM, verdadeiro ou falso, e abertas).</p>	24 horas
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 4: Producción de textos escritos			
a, c, d, i.	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>a. Planificación:  Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).  Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).  Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p>	<p>Redacta un texto (40-60 palabras) seguindo o modelo presentado.  Busca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line.  Escribe unha carta ou <i>mail</i> (lugar, data, destinatario, fórmula de cortesía, sinatura, emisor) tratando aspectos da vida cotiá, acontecementos ou experiencias pasadas, etc.).  Responde (texto de 60-80 palabras) aceptando ou rexeitando unha invitación.  Escritura creativa: inventa unha historia a partir dunha serie de palabras clave.  Resume un fragmento literario ou conto extraído dunha lectura do Proxecto lector.  Escribe un final diferente (conto, canción, etc.).</p>	24 horas

**Segunda Lingua Estranxeira: Français 4º ESO**

	<p>b. Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>c. Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>	<p>Reescribe o texto en primeira persoa.</p> <p>Narra acontecementos ou experiencias do pasado con ou sen soporte visual.</p> <p>Escrebe un <i>mail</i> no que contes a túa xornada.</p> <p>Escrebe un artigo breve para o xornal do instituto (organización do curso académico no teu país, lecer, impresións sobre unha saída didáctica, etc.).</p> <p><b>Actividades de avaliación modelo Delf (primeiro trimestre):</b></p> <p>Conta nun <i>mail</i> ou carta (60-80 palabras) o comezo do curso (horarios, organización, materias, etc.).</p> <p>Responde a unha invitación rexeitándoa e proponendo unha alternativa.</p> <p><b>Actividades de avaliación (segundo trimestre):</b></p> <p>Resume un acontecemento pasado (vacacións, entroido, saída didáctica, etc.).</p> <p>Escrebe un <i>mail</i> solicitando información (estancia lingüística no estranxeiro, asuntos da vida cotiá, etc.).</p> <p><b>Actividades de avaliación (terceiro trimestre):</b></p> <p>Conta unha xornada habitual.</p> <p>Acepta e agradece unha invitación.</p>	
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>			
a, c, d, i, p.	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da palabra.</p> <p>Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais</p>		Actividades de avaliación: 9 horas

	<p>visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p><b>B5.4. Plurilingüismo:</b> Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas:</b> Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros. Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias. Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza. Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición. Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios. Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p>		
--	--	--	--

Segunda Língua Estranxeira: Français 4º ESO			
	<p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a: Identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde máis básica e coidados físicos elementais; educación e estudo; compras básicas; alimentación e restauración; transporte, tempo meteorolóxico e tecnoloxías da información e da comunicación. Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresión sinxelas de gustos) e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>		

**TÁBOA 2**  
**Segunda Língua Estranxeira: Français 1º BAC**

Segunda Língua Estranxeira: Français 1º BAC			
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 1: Comprensión de textos orais			
a, b, c, f.	<p>B1.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.). Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e</p>	<p>Actividades de escoita nas que se empregan diversos soportes e textos: Escoita <b>á profesora</b>, responde as preguntas. Escoita o <b>CD, DVD, documental, téléjournal, etc.</b>, e intenta comprender a situación. Diálogo entre nativos sobre a vida cotiá. Programa de radio. Gravación de tipo informativo, publicitario, etc. Entrevista. Noticia breve dun telexornal: <i>7 jours sur la planète TV5</i>. Flash informativo sobre a actualidade. Identifica ao falante ou falantes, intencionalidade, e tema principal. Identifica etapas, circunstancias, actitudes, sentimentos, opinións, instrucións. Observa, anticipa, formula hipóteses:</p>	<p>15 horas anuais</p> <p>De 70 horas de clase, <b>10 adicaránse a actividades de avaliación</b> escrita e oral, e aproximadamente 15 horas serán necesarias para cada bloque: B1, B2, B3 e B4.</p>

**Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º BAC**

	<p>conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.</p> <p>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>De qué ou de quen se fala? Escoita e verifica. Escoita (dúas veces) e responde. Completa o cadro coas informacións escoitadas. Pregunta palabras descoñecidas. Escoita, observa e responde verdadeiro ou falso. Distingue fonemas. Escoita e anota as informacións precisas solicitadas. Completa as frases coas palabras escoitadas. Escoita (dúas veces) e sinala a resposta correcta.</p>	
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 2: Produción de textos orais			
a, b, c, f.	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>a. Planificación:</b> Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecurar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p><b>b. Execución:</b> Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Exemplos de procedementos lingüísticos: modificar palabras de significado parecido, definir ou parafrasear un termo ou unha expresión, usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta, pedir axuda, etc. Exemplos dos paralingüísticos: sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións</p>	<p>Fai unha presentación completa (persoal, familia, gustos, estudos: idiomas, lecer, proxectos). Presenta unha solución práctica para un determinado problema ou situación non habitual. Expresa o teu punto de vista sobre o tema do texto, contrasta opinións coa clase. Conta un acontecemento importante do teu pasado. Fala do teu mellor amigo. Interacción: pide e da información. Simula un encontro casual cun amigo da escola infantil. Compra algo seguindo consignas predeterminadas. Propón unha actividade (cine, teatro) a un compañeiro. Expresa unha elección, xustifícaa e intenta convencer a alguén. Define unha problemática.</p>	B2 15 horas

Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º BAC			
	<p>que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal); usar elementos cuasiléxicos ("<i>hum</i>", "<i>puah</i>", etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>		
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 3: Comprensión de textos escritos			
a, b, c, f.	<p>B3.1. Estratexias de comprensión: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	<p>Selecciona a información pertinente para realizar unha tarefa seguindo unhas consignas: escoller un curso para aprender francés no estranxeiro ou traballar sobre unha película, viaxe, etc.</p> <p>Le o texto (informativo, descritivo, publicitario, epistolar, correo electrónico, etc.) e responde a unhas preguntas.</p> <p>Busca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line.</p> <p>Extrae información global e tamén precisa e detallada.</p> <p>Responde a preguntas sobre opinións ou sentimentos expresados.</p> <p>Toma unha decisión tendo en conta as informacións do texto.</p> <p>Completa o cadro coa información do texto lido.</p>	B3 15 horas
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 4: Producción de textos escritos			
a, b, c, f.	<p>B4. Estratexias de produción:</p> <p>a. Planificación: Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p>	<p>Conta unha experiencia persoal tipo diario de viaxe, asistencia a un concerto, etc.</p> <p>Busca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line.</p> <p>Expresa unha opinión positiva ou negativa nun texto coherente sobre deporte, TV, internet, novas tecnoloxías, redes sociais, lecturas, medio ambiente, saúde,...</p> <p>Expresa sentimentos (alegría,</p>	B4 15 horas



**Segunda Língua Estranxeira: Français 1º BAC**

	<p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>b. Execución: Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. Estruturación do contido do texto. Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>c. Revisión: Identificación de problemas, erros e repeticións. Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.</p>	<p>satisfacción, decepción) nun email nunha carta a un amigo Expresa impresións sobre un espectáculo: festival, concerto, etc., unha experiencia Escribe unha biografía partindo dunha información para completar e ordear. Expón un problema, unha queixa. Escribe unha carta para invitar un amigo coñecer a túa cidade.</p>	
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>			
a, b, c, f, q.	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p>	<p><b>Algunhas destas actividades serán realizadas na casa, como deberes.</b></p> <p>Correspondencia con amigos de Francia ou francófonos. Participación en proxectos. Elaboración dun traballo ou presentación sobre unha rexión francesa ou dun país francófono. Lectura dun Astérix en francés.</p>	Actividades de avaliación 10 horas

**Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º BAC**

	<p><b>B5.4. Plurilingüismo:</b>                  Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.                  Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas:</b>                  Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.                  Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.                  Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.                  Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.                  Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.                  Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.                  Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.                  Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p><b>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</b>                  Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.                  Bens e servizos básicos.                  Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.                  Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.                  Calquera outro que se considere de interese.                  Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</p> <p><b>B5.7. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</b></p>	<p>Completa unha ficha sobre referencias culturais (Hispania, Helvetia, Corsica, ...) evitando os estereotipos.                  Describe o teu instituto, a túa cidade e rexión.                  Actividades para introducir e memorizar o léxico do nivel B1.                  Práctica oral e escrita das estruturas sintáctico-discursivas propias do francés (na clase ao mesmo tempo que o B1,B2,B3 e B4).</p>	
--	--	---	--

**TÁBOA 2**  
**FRANCÉS: COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL**

Estratexias discursivas en Lingua Francesa (Materia de libre configuración)			
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 1: Comprensión de textos orais			
a, b, c, f.	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:  Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.  Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.  Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).  Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.  Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).  Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).  Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.</p> <p>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>Actividades de escoita nas que se empregan diversos soportes e textos:  Escoita <b>á profesora</b>, responde as preguntas.  Escoita o <b>CD, DVD, documental, téléjournal, etc.</b>, e intenta comprender a situación.  Diálogo entre nativos sobre a vida cotiá.  Programa de radio.  Gravación de tipo informativo, publicitario, etc.  Entrevista.  Noticia breve dun telexornal: <i>7 jours sur la planète TV5</i>.  Flash informativo sobre a actualidade.  Identifica ao falante ou falantes, intencionalidade, e tema principal.  Identifica etapas, circunstancias, actitudes, sentimentos, opinións, instrucións.  Observa, anticipa, formula hipóteses: De qué ou de quen se fala?  Escoita e verifica.  Escoita (dúas veces) e responde.  Completa o cadro coas informacións escoitadas.  Pregunta palabras descoñecidas.  Escoita, observa e responde verdadeiro ou falso.  Distingue fonemas.  Escoita e anota as informacións precisas solicitadas.  Completa as frases coas palabras escoitadas.  Escoita (dúas veces) e sinala a resposta correcta.</p>	<p>14 horas</p> <p>De 35 horas de clase anuais, <b>7 horas serán necesarias para as actividades de avaliación</b> e as 28 horas de clase aproximadas serán distribuídas en <b>14 horas anuais para o Bloque 1 (comprensión oral)</b> e 14 horas para o Bloque 2 (producción oral). O bloque 5 vai implícito nos restantes.</p>
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 2: Producción de textos orais			
a, b, c, f.	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <p>a. Planificación:  Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.  Adequar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p>	<p>Fai unha presentación completa (persoal, familia, gustos, estudos: idiomas, lecer, proxectos).  Presenta unha solución práctica para un determinado problema ou situación non habitual.  Expresa o teu punto de vista sobre o tema do texto, contrasta opinións coa</p>	14 horas

**Estratexias discursivas en Lingua Francesa (Materia de libre configuración)**

	<p>b. Execución:</p> <p>Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</p> <p>Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <p>Expresar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</p> <p>Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Exemplos de procedementos lingüísticos: modificar palabras de significado parecido, definir ou parafrasear un termo ou unha expresión, usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta, pedir axuda, etc.</p> <p>Exemplos dos paralingüísticos: sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado; usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal); usar elementos cuasiléxicos ("<i>hum</i>", "<i>puah</i>", etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</p>	<p>clase.</p> <p>Conta un acontecemento importante do teu pasado.</p> <p>Fala do teu mellor amigo.</p> <p>Interacción: pide e da información.</p> <p>Simula un encontro casual cun amigo da escola infantil.</p> <p>Compra algo seguindo consignas predeterminadas.</p> <p>Propón unha actividade (cine, teatro) a un compañeiro.</p> <p>Expresa unha elección, xustifícaa e intenta convencer a alguén.</p> <p>Define unha problemática.</p>	
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>			
a, b, c, f, q.	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas</p>	<p><b>Algunhas destas actividades serán realizadas na casa, como deberes.</b></p> <p>Correspondencia con amigos de Francia ou francófonos.</p> <p>Participación en proxectos.</p> <p>Elaboración dun traballo ou presentación sobre unha rexión francesa ou dun país francófono.</p> <p>Lectura dun Astérix en francés.</p> <p>Completa unha ficha sobre referencias culturais (Hispania, Helvetia, ...)</p> <p>evitando os estereotipos.</p>	Actividades de avaliación: 7 horas

**Estratexias discursivas en Lingua Francesa (Materia de libre configuración)**

	<p>entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas:</b>          Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.          Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.          Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.          Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.          Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.          Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.          Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.          Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p><b>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:</b>          Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.          Bens e servizos básicos.          Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.          Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.          Calquera outro que se considere de interese.          Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</p> <p><b>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</b></p>	<p>Describe o teu instituto, a túa cidade e rexión.</p> <p>Actividades para introducir e memorizar o léxico do nivel B1.</p> <p>Práctica oral e escrita das estruturas sintáctico-discursivas propias do francés (na clase ao mesmo tempo que o B1,B2,B3 e B4).</p>	
--	--	---	--

**TÁBOA 2**  
**Segunda Língua Estranxeira: Français 2º BAC**

Segunda Língua Estranxeira: Français 2º BAC			
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
Bloque 1: Comprensión de textos orais			
a, b, c, f.	<p>B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais). Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.). Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (ímaxes, música, etc.). Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos os seus elementos.</p> <p>B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</p>	<p>Actividades de escoita nas que se empregan diversos soportes e textos: Escoita <b>á profesora</b> e responde ás preguntas. Escoita o <b>CD, DVD, documental, téléjournal, etc.</b>, e intenta comprender a situación. Escoita e capta a información relevante dun diálogo entre nativos sobre a vida cotiá; dun programa de radio ou gravación de tipo informativo ou publicitario sobre formación, expectativas e plans de futuro; ou dunha charla ou exposición acerca de temas coñecidos ou do seu interese (ámbito educativo e ocupacional, música, etc.). Escoita unha entrevista (sobre literatura, cine ou calquera outro tema de actualidade) e responde ás preguntas. Segue unha noticia breve dun telexornal ("<i>7 jours sur la planète TV5</i>") e é capaz de responder ás preguntas que se lle formulan. Identifica ao falante ou falantes, intencionalidade, e tema principal. Identifica etapas, circunstancias, actitudes, sentimentos, opinións, instrucións. Observa, anticipa, formula hipóteses: De qué ou de quen se fala? Escoita e verifica. Escoita (dúas veces) e responde. Completa o cadro coas informacións escoitadas. Pregunta palabras descoñecidas. Escoita, observa e responde verdadeiro ou falso. Distingue fonemas. Escoita e anota as informacións precisas solicitadas. Completa as frases coas palabras escoitadas. Escoita (dúas veces) e sinala a resposta correcta.</p>	<p>24 horas</p> <p>De 105 horas anuais, máis de 9 horas serán necesarias para actividades de avaliación e 24 horas aproximadamente para desenvolver actividades dos catro principais bloques.</p>

**Segunda Língua Estranxeira: Français 2º BAC**

Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 2: Produción de textos orais</b>			
a, b, c, f.	<p><b>B2.1. Estratexias de produción:</b></p> <p><b>a. Planificación:</b> Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p><b>b. Execución:</b> Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Exemplos de procedementos lingüísticos: modificación de palabras de significado parecido; definición ou reformulación dun termo ou expresión; uso da lingua materna ou "estranxeirización" de palabras da lingua meta; petición de axuda, etc. Exemplos de paralingüísticos: sinalación de obxectos, usando deícticos ou realizando accións que aclaran o significado; uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal); uso de elementos cuasiléxicos ("<i>hum</i>", "<i>puah</i>", etc.) de valor comunicativo, etc.</p> <p><b>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</b></p> <p><b>B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</b></p>	<p>Fai unha presentación completa (persoal, familia, gustos, temas académicos e ocupacionais, idiomas, lecer, proxectos, etc.). Presenta unha solución práctica para un determinado problema ou situación non habitual (solicita atención, presenta unha reclamación, pide axuda, leva a cabo unha xestión formal, etc.). Expresa o teu punto de vista sobre o tema do texto, contrasta opinións coa clase. Conta un acontecemento importante do teu pasado. Interacción: pide e da información e instrucións con certo detalle. Encontro casual cun amigo da escola infantil. Compra algo seguindo consignas predeterminadas. Propón unha actividade (cine, teatro) a un compañeiro e expresa aspectos abstractos de temas vinculados coa música, o cine, a literatura ou a actualidade. Expresa unha elección, xustifícaa e intenta convencer a alguén. Define unha problemática.</p>	24 horas



Segunda Língua Estranxeira: Français 2º BAC			
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</b>			
a, b, c, f.	<p><b>B3.1. Estratexias de comprensión:</b>  Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.  Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).  Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).  Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.  Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.  Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p><b>B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais</b> (remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	<p>Selecciona a información pertinente para realizar unha tarefa seguindo unhas consignas: escoller un curso para aprender francés no estranxeiro ou traballar sobre unha película, viaxe, etc.  Busca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line.  Le o texto informativo, descritivo, publicitario, ou epistolar (carta ou <i>mail</i> de carácter informal, formal, oficial ou institucional) e responde a unhas preguntas.  Extrae información global e tamén precisa e detallada, a partir de textos xornalísticos informativos e argumentativos, cunha extensión media.  Extrae información clave da lectura de textos sobre temas do seu interese, de carácter educativo ou ocupacional e relacionados con actividades de formación.  Responde a preguntas sobre opinións ou sentimentos expresados.  Cubre fichas de lectura identificando o argumento, o carácter dos personaxes principais, o lugar e o tempo no que se desenvolve a acción.  Toma unha decisión tendo en conta as informacións do texto.  Completa o cadro coa información do texto lido.  Obtén información específica de dicionarios, enciclopedias, revistas ou páxinas web sobre temas educativos ou ocupacionais do seu interese.</p>	24 horas
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 4: Producción de textos escritos</b>			
a, b, c, f.	<p><b>B4.1. Estratexias de produción:</b></p> <p>a. <b>Planificación:</b>  Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).  Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).  Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p>	<p>Conta unha experiencia persoal (viaxe, concerto, etc.) a través dun diario, foro, blog ou chat.  Busca palabras descoñecidas no dicionario en papel ou on-line.  Expresa unha opinión positiva ou negativa nun texto coherente sobre temas de actualidade (deporte, TV, Internet, novas tecnoloxías, redes sociais, lecturas, medio ambiente, saúde, etc.).  Expresa sentimentos (alegría, satisfacción, decepción) nun email nunha carta a un amigo</p>	24 horas

**Segunda Língua Estranxeira: Français 2º BAC**

	<p>b. Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</p> <p>c. Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.)</p> <p>Reescritura definitiva.</p> <p>B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data, asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</p> <p>B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o corpo do informe, a conclusión e a bibliografía; e prestando atención ás estruturas sintáctico-discursivas que adoitan predominar neste tipo de texto (subordinacións relativas, finais, causais, etc.).</p>	<p>Expresa impresións sobre un espectáculo: festival, concerto ou outro tipo de experiencia.</p> <p>Redacta un <i>twit</i>.</p> <p>Escribe un proxecto de vacacións, estudos, viaxe, etc.</p> <p>Escribe unha biografía partindo dunha información para completar e ordear.</p> <p>Expón formalmente un problema ou queixa, unha solicitude, unha reclamación ou xestión.</p> <p>Escribe unha carta para invitar un amigo coñecer a túa cidade.</p>	
Obxectivos	Contidos	Actividades de aprendizaxe	Temporalización Horas
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>			
a, b, c, f, q.	<p>B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</p> <p>B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <p>Uso das normas básicas de ortografía da</p>	As actividades do Bloque 5 van implícitas nos catro bloques restantes.	Actividades de avaliación :9 horas

	<p>palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p><b>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</b> Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersonais (nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes relevantes). Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente. Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p><b>B5.4. Plurilingüísmo:</b> Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. Recurso aos coñecementos e ás experiencias lingüísticas noutras linguas que coñece (patróns discursivos para a organización e ampliación ou restructuración da información; elementos adecuados de coherencia e de cohesión textual para organizar o discurso, facer progresar o tema, etc.).</p> <p><b>B5.5. Funcións comunicativas:</b> Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e</p>		
--	---	--	--

Segunda Língua Estranxeira: Français 2º BAC

	<p>actividades.          Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.          Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.          Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.          Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.          Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.          Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <p>B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados: vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios, etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde; educación; compras e actividades comerciais; bens e servizos básicos; contorno (clima, campo, cidade e lugares máis representativos); tecnoloxía (aparells de uso cotián), e e calquera outro que se considere de interese.          Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</p> <p>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>		
--	---	--	--

**5. Instrumentos de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso) para cada estándar de aprendizaxe.**

**TÁBOA 3**

**Segunda Lingua Estranxeira: Français 1º de ESO**

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>	<p>Preguntas realizadas pola profesora durante as clases <b>(1.1)</b>.</p> <p>Preguntas e observación do seguimento das consignas de clase <b>(1.2)</b>.</p> <p>Un “écoute” ou exercicio de comprensión oral nivel A1 <b>(1.3)</b>.</p> <p>Control oral <b>(1.4)</b>.</p> <p><b>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado CO (Comprensión Oral).</b></p>

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 2. Produción de textos orais</b>	
<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</p>	<p>Observación do traballo na aula <b>(2.1)</b>.</p> <p>Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.2)</b>.</p> <p>Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.3)</b>.</p> <p>Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.4)</b>.</p> <p>Control oral <b>(2.5)</b>.</p> <p><b>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado EO: Expresión oral</b></p>

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 3: Comprensión de textos escritos</b>	
<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</p> <p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como</p>	<p>Exercicios de comprensión escrita dos textos traballados <b>(3.1)</b>.</p> <p>Proba de comprensión escrita tipo DELF A1 <b>(3.2)</b>.</p> <p>Lectura de correspondencia con colexios franceses <b>(3.3)</b>.</p> <p>Control de comprensión escrita <b>(3.4)</b>.</p> <p><b>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado CE: comprensión escrita.</b></p>

### **TÁBOA 3**

#### **Segunda Lingua Estranxeira: Français 2º de ESO**



Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
<p>SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p> <p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p> <p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	<p>Preguntas realizadas pola profesora durante as clases <b>(1.1)</b>.                      Preguntas e observación do seguimento das consignas de clase <b>(1.2)</b>.                      Un “écoute” ou exercicio de comprensión oral nivel A1 <b>(1.3)</b>.                      Control oral <b>(1.4)</b>.</p> <p><b>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado CO (Comprensión Oral).</b></p>

Estánadares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 2: Produción de textos orais</b>	
<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p> <p>SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p> <p>SLEB2.5. Preséntase, dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios das clases, maneira</p>	<p>Observación do traballo na aula <b>(2.1)</b>.                      Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.2)</b>.                      Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.3)</b>.                      Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.4)</b>.                      Control oral <b>(2.5)</b>.</p> <p><b>A valoración quedará rexistrada no Caderno de aula no apartado EO: Expresión oral</b></p>

**TÁBOA 3**  
**Segunda Lingua Estranxeira: Français 3º ESO**

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, lectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: saca conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido baseándose na entoación e na velocidade da fala; deduce intencións a partir do volume da voz do falante; fai anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e infire o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.</p> <p>SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>	<p>Observación da participación espontánea e preguntas realizadas pola profesora durante as clases <b>(1.1)</b>. Exercicio de comprensión oral ou “écoute” <b>(1.2)</b>. Un “écoute” ou exercicio de comprensión oral nivel A1-A2 <b>(1.3)</b>. Control oral: “Jeu de rôles” por parellas ou coa profesora <b>(1.4)</b>. <b>Control de comprensión oral nivel A1-A2 (1.5)</b>.</p> <p><b>Cadernos da profesora CO</b></p>

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 2: Produción de textos orais</b>	
<p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guiión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas se se articulan clara e lentamente.</p> <p>SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.</p> <p>SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, como o caso</p>	<p>Observación do traballo na aula e <b>control oral (2.1)</b>. Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.2)</b>. Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros <b>(2.3)</b>. Observación dos pequenos diálogos cos compañeiros e <b>control oral CO, EO (2.4)</b>. <b>Control de Expresión oral</b></p>

**TÁBOA 3**  
**Segunda Lingua Estranxeira: Français 4º ESO**

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro de estudos), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas, sempre que se fale amodo e con claridade.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.</p>	<p>Observación da participación espontánea e preguntas realizadas pola profesora durante as clases <b>(1.1)</b>. Exercicio de comprensión oral ou “écoute” <b>(1.2)</b>. Un “écoute” ou exercicio de comprensión oral nivel A2 <b>(1.3)</b>. Control oral: “Jeu de rôles” por parellas ou coa profesora <b>(1.4)</b>. <b>Control de comprensión-expresión oral nivel A2 (Modelo Delf A2) (1.5 e 1.6)</b>.</p> <p><b>Cadernos da profesora CO, EO.</b></p>

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 2: Produción de textos orais</b>	
<p>SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</p> <p>SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose</p>	<p>Observación do traballo na aula e <b>control oral (2.1)</b>. Observación dos diálogos cos compañeiros <b>(2.2)</b>. Observación dos diálogos cos compañeiros <b>(2.3)</b>. <b>Control oral (Delf A2) CO, EO e entrevista coa profesora (2.4)</b>.</p>

**TÁBOA 3**  
**Segunda Lingua Estranxeira I: Franáis 1º de Bacharelato**

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.</p>	<p>Observación da participación espontánea e preguntas realizadas pola profesora durante as clases <b>(1.1/1.2)</b>. Preguntas-entrevista coa profesora Exercicio de comprensión oral ou “écoute” <b>(1.3)</b>. “Écoute” ou exercicio de comprensión oral nivel A2-B1 <b>(1.4)</b>. <b>Control de comprensión-expresión oral (1.5)</b>. Observación participación espontánea ou preguntas formuladas pola profesora <b>(1.6)</b>.</p> <p><b>Rexistro Caderno da profesora: CO</b></p>
Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación

<b>Bloque 2: Produción de textos orais</b>	
<p>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</p> <p>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</p> <p>SLEB2.3. Descríbelos con suficiente eficiencia en situacións</p>	<p>Traballo de exposición oral na clase (2.1). Observación dos pequenos diálogo cos compañeiro (2.1). Observación dos pequenos diálogo cos compañeiros (2.2). Observación dos pequenos diálogo cos compañeiros (2.3/2.4).</p> <p><b>Control de expresión oral tipo DELF expresión oral A2-B1.</b></p> <p><b>Rexistro Caderno: EO.</b></p>



**TÁBOA 3**

**Francés: Comprensión e Expresión Oral**

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
<b>Bloque 1: Comprensión de textos orais</b>	
<p>SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</p> <p>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</p> <p>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p> <p>SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros educativos), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.</p> <p>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</p> <p>SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.</p>	<p>Observación da participación espontánea e preguntas realizadas pola profesora durante as clases <b>(1.1/1.2)</b>. Preguntas-entrevista coa profesora Eercicio de comprensión oral ou “écoute” <b>(1.3)</b>. “Écoute” ou exercicio de comprensión oral nivel A2-B1 <b>(1.4)</b>. <b>Control de comprensión-expresión oral (1.5)</b>. Observación participación espontánea ou preguntas formuladas pola profesora <b>(1.6)</b>.</p> <p><b>Registro Caderno da profesora: CO</b></p>

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación
---------------------------	----------------------------

**Bloque 2: Producción de textos orais**

<p>SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</p> <p>SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</p> <p>SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</p> <p>SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo e</p>	<p>1.-Traballo de exposición oral na clase (2.1). 2.-Observación dos pequenos diálogo cos compañeiro (2.1). 3.-Observación dos pequenos diálogo cos compañeiros (2.2). 4.-Observación dos pequenos diálogo cos compañeiros (2.3/2.4).</p> <p><b>Control de expresión oral tipo DELF expresión oral A2-B1.</b></p> <p><b>Registro Caderno: EO.</b></p>
--	---

**TÁBOA 3**  
**Segunda Lingua Estranxeira II: Français 2º BAC**

## Bloque 1: Comprensión de textos orais

SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.

SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.

SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.

SLEB2.5. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.

Observación da participación espontánea e preguntas realizadas pola profesora durante as clases (1.1/1.2).  
Preguntas-entrevista coa profesora (1.3/1.4).  
Exercicio de comprensión oral ou “écoute” (Actividade Delf B1-B2) (1.3/1.4).  
Observación participación espontánea ou preguntas formuladas pola profesora (1.5/1.6).  
**Control de comprensión-expresión oral Modelo Delf B1-B2 (1.5/1.6).**

**Registro no Caderno da profesora: CO.**

## Bloque 2: Produción de textos orais

SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.

SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.

SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.

Observación da participación espontánea nas clases (2.1).  
Traballo de exposición oral na clase (2.2).  
Observación dos diálogo cos compañeiros (2.3)  
Entrevista coa profesora (2.3/2.4/2.5).

**Control de expresión oral tipo DELF B1-B2.**

**Registro no Caderno: EO.**

## 6. Metodoloxía

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do **Marco Común Europeo** de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de pór en xogo as **actitudes**, os **coñecementos** e as **destrezas** que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación leva a considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A **comunicación no mundo real** require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Son as **actividades de comprensión** e **producción** dos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. A análise e a reflexión sobre a lingua derívanse do que o texto oral ou escrito demande en cada caso. As tarefas de aprendizaxe contribuirán á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

Segundo o tipo de tarefa, farase un **traballo individual, en gran grupo, por parellas** ou en **grupos de tres ou catro**.

Como suxire o Cadro europeo común de referencia, os manuais que se utilizan, en particular *Facile, Génération Lycée, À vrai dire et En route vers le nouveau DELF A2 e B1*, seguen un modelo de ensino **accional**: apóianse no enfoque comunicativo. O enfoque accional engade o concepto de **tarefas** para realizar en situacións variadas: resolver un problema, acadar un obxectivo, levar a cabo un proxecto, etc. Este enfoque considera pois ao alumno como un actor social que sabe mobilizar a totalidade das súas competencias e dos seus recursos para lograr comunicar.

Así pois lévase aos alumnos a **implicarse**: invítaselles a falar do que viviron, das súas aptitudes, dos seus gustos; pero solicítase tamén a súa imaxinación facéndolles vivir unhas situacións nas que teñen que inventar novas identidades, novas actividades, novas perspectivas.

É nesta perspectiva dunha aprendizaxe accional cando se anima aos alumnos a que constrúan as súas propias **estratexias**: estratexias para **comprender** mellor (anticipar, localizar uns indicios nas mensaxes sonoras e as palabras significantes, formular hipóteses, deducir o sentido a partir do contexto, etc.); estratexias para **falar** mellor (exercitarse para falar con distintas tons, variando os ritmos, xogar de dous en dous ou máis, pronunciar trabalinguas...); estratexias para **escribir** mellor, etc.

O alumnado pode **analizar os avances da súa aprendizaxe**: contestando con regularidade a unhas preguntas sobre os seus coñecementos, revisando as adquisicións, reutilizando as súas competencias noutros contextos e autoavaliándose, dispoñen de todas as ferramentas necesarias para coller as rendas da súa aprendizaxe.

## 7. Procedementos de avaliación

As probas que se proporán nas tres avaliacións serán orais e escritas, presentadas sempre desde un punto de vista eminentemente práctico e, por suposto, sobre os temas tratados na clase. Ao longo do curso faranse un ou dous controis orais e un ou dous controis escritos **por trimestre** en todos os cursos de ESO e en 1º e 2º de Bacharelato; dado que se trata dunha avaliación continua, non haberá exames de recuperación, aínda que si pode haber alguna ficha ou actividade de reforzo para realizar na aula o na casa. Quere isto dicir que ao aprobar a 2ª avaliación queda recuperada a 1ª e o mesmo sucede ao aprobar a 3ª avaliación que recupera todo o anterior. Na convocatoria extraordinaria de **setembro haberá unha proba escrita**.

Utilizaranse para unha correcta avaliación os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1. Observación sistemática por parte das profesoras.
2. Exercicios orais e escritos sobre as unidades traballadas.
3. Traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e á responsabilidade (data presentación dos traballos, etc.).
4. Traballos individuais.
5. Controis trimestrais tanto orais como escritos.
6. Pequenos diálogos escritos u orais.
7. Lecturas.
8. Documentos audiovisuais con preguntas.
9. Exposicións orais.
10. Revisión do Caderno.

O exposto na **Táboa 3** relativo a instrumentos de avaliación nos cursos LOMCE, aplicarase en todos os cursos, dado que xa utilizabamos as directrices do Marco Común de referencia para as linguas, que establece claramente as catro destrezas avaliáveis na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: **comprensión e expresión oral; comprensión e expresión escrita**. Polo tanto, o tipo de probas utilizadas medirán os estándares de aprendizaxe dos cinco bloques.

En canto aos procedementos para acreditar os coñecementos previos (BAC art.3.7 Ord.24/06/2008) o criterio será o seguinte: Farase unha proba antes da primeira

avaliación de nivel B1, que se é superada, suporá a acreditación de coñecementos previos da materia non cursada anteriormente.

## 8. Criterios de cualificación

O noso proceso de avaliación será:

- **Continuo:** recupérase un trimestre, superando o seguinte.
- **Formativo** ao longo de todo o curso.
- **Sumativo:** controis, traballo e actitude.

	1º e 2º de ESO	3º e 4º de ESO, 1º e 2º Bac
Contidos e procedementos	70%	80%
Caderno	20%	10%
Actitude	10%	10%

O proceso de avaliación estará centrado, non só nos contidos, senón tamén na forma de traballar e a disposición do alumno cara a clase e a materia. Entendemos que os procedementos van relacionados íntimamente cos conceptos, polo que á hora de valoralos farémolo en conxunto.

Os puntos da actitude (10% en 1º e 2º, 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de bacharelato), conseguiranse demostrando unha actitude positiva e esforzo en mellorar, polo que valoraremos os seguintes parámetros:

- Traballo persoal (ao nivel de cada alumno) na clase e na casa:
  - Facer as tarefas a diario correctamente, con limpeza e coidado.
  - Entregar as composicións e tarefas propostas na data marcada.
  - Estudiar a diario e para os exames.
  - Caderno
- Chegar sempre a tempo e xustificar as faltas.
- Traer sempre o material: son necesarios libro de texto, caderno persoal, o material solicitado polo profesor.
- Demostrar interese por mellorar e avanzar no estudio do idioma mediante:
  - A participación na clase.
  - O bo comportamento e actitude correcta (silenciosa e á vez participativa).
  - A actitude respetuosa cara todos os membros da clase.
  - Non abandono da asignatura. Consideramos abandono:
    - A non asistencia continuada e inxustificada á clase.
    - Non traer o material reiteradamente.
    - Non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa.
    - Deixar os exames en branco.



É moi importante realizar todas as actividades que manda o profesor, tanto para a clase como para a casa.

## **9. Directrices e instrumentos para a realización da avaliación inicial**

Como en 1º da ESO o alumnado debuta no estudo do francés, salvo no caso dos repetidores, non se pode facer unha proba sobre contidos mínimos; pero si faremos un seguimento da participación durante as clases e unha revisión do caderno a semana anterior á avaliación inicial.

No resto dos cursos, durante as primeiras semanas, revisaremos contidos dos cursos anteriores e coa observación durante a clase e a revisión do caderno obteremos a información necesaria para a avaliación inicial.

Hai que destacar que xa os libros de texto de 2º e de 3º de ESO comezan cunha Unidade 0 que prevé a revisión de contidos de cursos anteriores, moi importante no caso dunha lingua estranxeira e tratándose ademais dunha avaliación continúa.

No resto dos cursos, excepto en 1º de ESO, tamén se fará unha revisión de vocabulario, e das estruturas máis importantes.

## **10. Medidas de atención á diversidade**

As capacidades e os coñecementos dos nosos alumnos, son en moitas ocasións moi diferentes. Ao longo dos distintos cursos, temos alumnos que non só teñen mais dificultades á hora de asimilar coñecementos. Contamos tamén con alumnos que chegan a un curso sen ter feito o anterior.

Para atender a este tipo de alumnado, os contidos, a metodoloxía e os materiais curriculares adecúanse; iso implica unha intervención aberta, de forma que os compoñentes da Programación didáctica poden variar según as singularidades destes alumnos.

### **10.1. Atención á diversidade na metodoloxía.**

Corresponde ao profesor do grupo detectar deficiencias ou sobredotación dos alumnos e ver en qué grado necesitan apoio extraordinario. Partindo dos contidos mínimos procuramos ao longo do curso escolar:

- Facilitar estratexias aos alumnos que teñen mais dificultades.
- Proponer actividades complementarias en función dos coñecementos (por encima ou por debaixo).
- Motivar aos alumnos mellor dotados ou mellor formados confiándolles tarefas con maior grao de dificultade de xeito que enriquezan a súa aprendizaxe.
- Para os alumnos que non cursaran francés en anos anteriores e/ou teñen un nivel mais baixo ca o resto do grupo, adaptaráselles os contidos facéndolles

asequible a materia dese curso e proporáselles material complementario para subsanar as carencias. Avaliaráselles en función da súa actitude e da súa progresión persoal ao longo de todo o curso.

En resumo, trataremos de axustar na medida do posible, a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do noso alumnado e facilitarlles recursos e estratexias variadas.

### **10.2. Atención á diversidade en alumnos con dificultades.**

Corresponderá ó profesor a graduación e categorización das dificultades nas actividades de xeito que introduza as variacións convintes e acomode a súa metodoloxía ás necesidades do seu alumnado, establecéndose, nos materiais elexidos, repertorios de actividades de baixa, media ou alta complexidade.

- Actividades de reforzo / fotocopias de actividades entregadas polo profesor
  - Estudio dos contidos gramaticais e do vocabulario básicos
  - Realización de diversos exercicios de comprensión oral e escrita.

### **10.3. Actividades de ampliación.**

Finalmente, para os alumnos que progresan satisfactoriamente nos niveis básicos ofréceneselles en cada Unidade didáctica actividades de ampliación:

- Mediante o uso de Moodle con actividades complementarias de progresiva dificultade con respostas integradas, que permiten a profundización dos coñecementos adquiridos á vez que facilitan a autoevaluación.
- Realización de lecturas voluntarias.
- Realización de audicións voluntarias.
- Adaptacións curriculares

Coas indicacións do Departamento de Orientación, o Departamento de Francés elaborará adaptacións curriculares a aqueles alumnos que manifesten dificultades especiais de aprendizaxe ou de integración na actividade ordinaria do centro, dos alumnos de alta capacidade intelectual e dos alumnos con discapacidade. O Noso Departamento dispón de materiais específicos con un grao de dificultade menor ao libro de texto, e outros dunha dificultade maior.

### **10.4. Plan de Pendentos.**

Ao principio de curso, entregamos aos alumnos pendentos de Francés un informe cos contidos e modo de recuperación do curso en cuestión.

En todo caso, o proceso de Recuperación da asignatura é o seguinte:

O profesor entregarálle ao alumno unha serie de fichas que este deberá ir entregando nas datas sinaladas polo profesor ata completalas todas. Cando o profesor o considere oportuno, e dacordo co alumno, este realizará un exame que versará sobre o que o alumno traballou, tendo en conta sempre os mínimos esixibles e os estándares de aprendizaxe.

#### Criterios de avaliación

**Os alumnos que aproben a 1ª e 2ª avaliación do curso no que se atopen, consideraráselle aprobado o curso anterior.** No caso contrario, terán que entregar todo o material que se lle pediu e facer o exame no mes de maio. Contará da seguinte maneira: actividades (40% da nota) e exame (60% da nota).

### **10.5. Alumnos repetidores**

Prestaremos especial atención aos **alumnos repetidores**. Procuraremos integralos na marcha da clase animándoos a intentalo de novo. Nas probas de diagnóstico teremos moi en conta os seus coñecementos previos. A partir de ahí intentaremos reforzar a súa base ben con algunhas tarefas distintas ou adaptándolles a asignatura.

**Procuraremos que non se distraian durante a clase e controlaremos especialmente a súa tarefa, os seus traballos e as súas notas. Comentaremos calquera incidencia co tutor ou tutora para que sempre estean ó corrente da súa marcha e poida actuar coordinando a actuación de pais e profesores para lograr que superen as dificultades.**

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e o dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

### **11. Accións de educación en valores e de contribución ao Plan de convivencia.**

O estudio dunha lingua estranxeira non se cingue exclusivamente á presentación dun sistema lingüístico e as súas regras, senón que, tomando a competencia lingüística como punto de partida, ofrece a posibilidade de **dar unha dimensión integradora** da aprendizaxe, presentando o seu proceso como un todo que non pode prescindir dos seus elementos.

A incorporación de materias transversais na clase de idioma permite exercitar no só as capacidades intelectuais dos alumnos, senón tamén as capacidades afectivas, de relacións interpersoais, de inserción social, de solidariedade.

A transversalidade pretende que os alumnos exerciten **o seu xuízo crítico** sobre problemas e conflitos sociais e poidan ter un comportamento baseado en valores.

Na materia de Francés pretendemos ensinar aos nosos alumnos, a lingua e a cultura dos países francófonos e ó facelo, o alumnado debe cuestionarse sobre a nosa propia **cultura** ó comparar costumes e hábitos de vida diferentes aos nosos.

Nos libros de texto que eleximos para traballar na clase e nos diferentes cursos trátanse temas transversais que educan aos alumnos en **valores democráticos** que pretendemos inculcar:

- **Educación para a paz** e a convivencia.
- **A solidariedade.**
- **A xustiza**
- **O respecto** cara os demais.
- **A igualdade** entre homes e mulleres
- **Educación medioambiental:** reflexionando sobre a necesidade de coidar o planeta, a natureza que nos rodea, as cidades onde vivimos e que visitamos.
- **Educación para a Saúde:** fomentando o deporte así como unha boa alimentación.
- **O consumo** responsable, as compras.
- **A educación vial.**
- **Tolerancia:** respecto cara as persoas sen importar raza, sexo ou condición social.
- **Liberdade:** oposición a todo tipo de escravitude.

## 12. Accións de contribución ao Plan TIC do centro

Para impartir un lingua estranxeira, hoxe en día é imprescindible o uso das **TIC**, xa que isto supón un contacto coa realidade e unha inmersión total na cultura e na lingua.

Neste momento no centro dispoñemos de **ordenadores** para todos os alumnos de 1º, 2º e 3º da ESO na aula, ademais de **encerado dixital**. No resto dos cursos hai en tódalas aulas un ordenador para o profesor e **encerados dixitais**. Dispoñemos ademais de dúas **aulas de informática**, e varios ordenadores para uso dos alumnos na planta baixa. Por outra parte, todos os nosos alumnos dispoñen de un ordenador persoal nas súas casas. Polo tanto, non temos desculpa para non utilizar estes medios.

Os libros que empregamos son en papel, pero tamén existen en formato dixital. A propia editorial facilítanos **tamén unha plataforma on-line** na que podemos traballar tanto para correxir exercicios como para ampliar coñecementos ou para consultar dúbidas, cousa que é moi práctica.

Os alumnos van facer uso dende primeiro da ESO dos ordenadores da aula e tamén dos persoais para poder **practicar cun CD-Rom o vocabulario** que van adquirindo en cada unidade, e tamén os pequenos textos e diálogos que aparecen nas mesmas para poder adquirir unha pronuncia correcta. Así mesmo irán periódicamente á aula de ordenadores onde poderán facer exercicios complementarios on-line.

Os alumnos de cursos mais avanzados, terán que facer **unha ou dúas audicións semanais seguindo os modelos do DELF B1 ou B2** e completar os exercicios correspondentes para comprobar o nivel de comprensión. Así mesmo terán que preparar exposicións sobre temas concretos para as que precisarán de todos os recursos que ofrece Internet.

Tamén se traballará con canción, vídeos, películas ou documentos auténticos que servirán para practicar a comprensión oral.

### **13.- Accións de contribución ao Proxecto lector e Proxecto lingüístico do centro**

O traballo dunha lingua estranxeira contribue dunha forma moi directa na adquisición da competencia lingüística. Sobre **un 75% do tempo** de clase está adicado a esta actividade.

En todos os cursos iníciase a clase dedicando polo menos 10 minutos á lectura do documento presentado no libro do alumno. Realízase **unha lectura en voz alta** con varios obxectivos: a comprensión do documento e a adquisición da pronunciación e a entoación adecuadas asociando a grafía e a pronunciación. En todos os cursos esta lectura vai **acompañada da audición** dos documentos propostos polo texto do traballo. A maioría dos textos propostos van acompañados de preguntas de comprensión ou de imitación de estruturas.

#### **13.1. Tipos de lectura que se practican na clase de francés**

- Lectura comprensiva de diálogos, de explicacións gramaticais basadas na dedución, de material diverso: textos introducindo a civilización dos países francófonos, bibliografía de autores, relato dunha experiencia persoal, de textos que incrementan a súa dificultade progresivamente dentro de cada manual e dun nivel ao outro.
- Dramatización de diálogos presentes nos libros de texto e interpretación oral de diálogos creados polos alumnos.
- Lectura en voz alta para adquirir unha correcta pronunciación e unha entoación adecuada.

- Lectura silenciosa dirixida á comprensión dos diferentes documentos: textos explicativos, diálogos.
- Relatos, carteis informativos...
- Lectura comprensiva das actividades propostas.
- Lectura representada da obra de teatro que iremos ver.
- Lectura persoal optativa dunha obra literaria adaptada ao nivel do alumnado con control de comprensión da mesma.

### **13.2. Lecturas recomendadas e voluntarias.**

Pretendemos **fomentar** a Lectura como un instrumento de disfrute persoal, propoñendo a lectura de libros axeitados na súa forma e contido aos interese dos alumnos. Seleccionamos un nivel algo inferior ao que eles teñen, para que non atopen demasiadas dificultades que acaben por desmotiválos. Reservaremos un tempo de lectura para estes libros ou outros textos que o profesor considere oportunos, deixando o momento exacto a criterio do profesor.

Recomendaremos diversos títulos de diferentes editoriais dos **niveis A1, A2, B1 e B2**:

- De nivel inferior para alumnado con desfase curricular ou necesidades educativas especiais.
- De nivel superior, para alumnos que necesitan un enriquecemento curricular.
- Para alumnado con escasa motivación, títulos que sexan do seu agrado e que estean dispoñibles na biblioteca.

Propoñemos algúns títulos, pero poderíase cambiar algún ou engadir outros tendo en conta o interese dos alumnos.

#### **Lecturas adaptadas da editorial Vicens Vives:**

<b>Nivel A1</b>	<i>Ènigme en Périgord</i> , L. Parodi, Marina Vallaco
	<i>Lancelot</i> , Chétien de Troyes
	<i>Lettres de mon moulin</i> , Alphonse Daudet
	<i>Zorro</i> , Johnston MacCulley
	<i>La Momie du Louvre</i> , Régine Boutégège, Susanna Longo
	<i>La Belle et la Bête</i> , Jeanne Marie Leprince de Beaumont
<b>Nivel A2</b>	<i>Deux ans de vacances</i> , Jules Verne
	<i>Le Grand Maulnes</i> , Alain Fournier
	<i>Jeanne d'Arc</i> ,
	<i>Du lait au Fiel</i> , Lidia Parodi, Marina Vallaco
<b>Nivel B1</b>	<i>La Griffes</i> , Régine Boutégège
	<i>Le fantôme de l'opéra</i> , Gaston Leroux
	<i>Carmen</i> , Prosper Mérimée

	<i>Le comte de Monte-Cristo</i> , Alexandre Dumas
	<i>Les Misérables</i> , Victor Hugo
	<i>Notre-Dame de Paris</i> , Victor Hugo
	<i>Le tour du monde en 80 jours</i> , Jules Verne
	<i>Les trois Mousquetaires</i> , Jules Verne
	<i>Voyage au centre de la terre</i> , Jules Verne
<b>Nivel B2</b>	<i>Double Assassinat dans la Rue Morgue</i> , Edgar Allan Poe
	<i>Le Mystère de la Chambre Jaune</i> , Gaston Leroux

Animarase aos alumnos a que lean, de modo voluntario, estas ou outras obras ofertadas polo Departamento e presentes na biblioteca do centro. A maioría delas teñen CD audio adecuadas ao seu nivel.

#### 14. Actividades de reforzo e recuperación

Os alumnos co francés pendente, **se logran superar a 1º e 2ª avaliación** no actual curso 2016 - 2017, e ademais realicen unhas fichas que entregarán á súa profesora ao final do 1º e do 2º trimestre, **aprobarán a materia pendente** sen necesidade de presentarse ao exame do mes de maio. Se non aprobasen as dúas primeiras avaliacións, terán a obriga de presentarse ao exame final para pendentes que terá lugar **no mes de maio**. Aqueles alumnos que non acaden os contidos mínimos en maio terán outra oportunidade **en setembro**. Haberá unha proba escrita en ambas convocatorias.

**Durante a 2ª quincena de outubro** serán entregadas unas fichas a todo o alumnado coa materia de francés pendente. Irán acompañadas dunha carta para os pais e nais con acuse de recibo, que deberán entregar asinado á Xefa de departamento no prazo dunha semana. Se non o traen, os pais ou nais serán avisados por teléfono.

Todo o alumnado coa materia de francés pendente, incluídos os que non cursen a materia de francés como optativa este curso, deberán entregar as fichas á Xefa de departamento nas seguintes datas:

**1º trimestre: 12 de decembro.**

**2º trimestre: 27 de marzo.**

O alumnado que non cursa a materia de francés como optativa durante o presente curso deberá, ademais de entregar as fichas, presentarse aos exames de pendentes en maio.

**Se non superan a proba, deberán presentarse en setembro**



## 15. Materiais didáticos incluídos os libros de texto

Os libros de texto que se van utilizar durante o curso 2015-2016 son os seguintes:

- **1º da ESO:** *Facile 1*, livre de l'élève. *Facile 1*, cahier d'exercises 1. Ed. SGEL.
- **2º da ESO:** *Facile 2*, livre de l'élève. *Facile 2*, cahier d'exercises 2. Ed. SGEL.
- **3º da ESO:** *Facile 3*, livre de l'élève. *Facile 3*, cahier d'exercises 3. Ed. SGEL.
- **4º da ESO:** *Facile 4*, livre de l'élève. *Facile 4*, cahier d'exercises 4. Ed. SGEL.
- **1º BAC:** *Génération Lycée 2*, livre de l'élève. *Génération Lycée 2*, cahier d'exercises
- **2º BAC:** *À vrai dire A2-B1*, livre de l'élève. *À vrai dire A2-B1*, cahier d'exercises

En 2º BAC empregamos o libro de 1º do curso pasado debido á redución do número de horas en 1º (de 4 pasamos a 2) e polo tanto consideramos que é suficiente para os dous cursos.

Ademais dos libros de texto e dos libros de exercicios que se empregan para cada nivel imos utilizar **material complementario** elaborado polos profesores, xogos, cancións, vídeos, recortes de prensa, mapas, debuxos, etc.

Faremos uso tamén dos ordenadores para poder practicar **exercicios on-line** e para poder ver vídeos musicais ou para buscar información concreta sobre algúns temas de cultura e tradicións nos países de fala francesa.

En 1º e 2º de bacharelato empregaremos libros e material de distintas editorias destinados á preparación do **DELFB1 e B2**

Ademais dos libros de texto os materiais e recursos didáticos que se utilizarán son os seguintes:

Libros de apoio tipo:

- **DELFA1, DELFA2** Santillana Francés
- **Civilisation 1, Niveau A1, A2** Santillana Francés
- **Civilisation 2 Niveau A1, A2** Santillana Francés
- **DELFA1 scolaire et junior** da editorial Didier
- **DELFA2 scolaire e junior** da editorial Didier
- **DELF B1 scolaire et junior**, Hachette

Utilizaremos tamén a aula de informática (cando sexa posible), para que todos os alumnos poidan facer algún exercicio on-line, **acceder a internet** para poder practicar audicións, visionar documentais, escoitar cancións, ler xornais e todo tipo de tarefas que poñan aos alumnos en contacto coa realidade e actualidade da lingua Francesa

Contamos tamén con algúns **diccionarios de aula** e outros na biblioteca, **posters, mapas, planos, música, películas** que nos poden axudar moito na aprendizaxe diaria.

Ademais e sobre todo en 4º de ESO e en 1º e 2º de Bacharelato, deberíamos poder contar co seguinte material:

#### Básicos:

- 📖 ① Dicionarios monolingües: Petit Robert, Larousse (Lexis), Nuevo diccionario de las dificultades del francés moderno de Joseph Hanse.
- 📖 ② Dicionario de verbos: Bescherelle. La conjugaison pour tous.

Lecturas variadas e adaptadas a todos os niveles desde o de debutante: Nivel intro, A1, A2, ata o nivel B1, B2 (**Fomento da lectura**). Hay unha trintena de libros de lectura na biblioteca doados na súa maior parte por algunha editorial e outras adquiridas co orzamento do departamento de francés, ademais dalgúns libros do clube de lectura en francés de cursos anteriores adquiridos co orzamento especial adicado aos Clubes de lectura. Este apartado de lecturas adaptadas aos niveis A1, A2, B1 e B2 debe ser ampliado ao longo dos vindeiros cursos, para poder desenvolver o Plan lector, unha vez que este se concretice.

Entre a inmensa variedade de recursos dixitais existentes para a aprendizaxe do francés como lingua estranxeira (Recursos FLE) podemos destacar os seguintes:

[www.bonjourdefrance.com](http://www.bonjourdefrance.com),  
<http://www.clicknlearn.net>  
[www.club-forum.com](http://www.club-forum.com)  
<http://www.info-europe.fr/>  
<http://www.clemi.org>  
<http://mundivia.es/jcnieto/gramar/gramaire.htm>  
<http://www.quid.fr/continents/>  
<http://www.ciudadesdelmundo.net/>  
<http://www.sdv.fr/orthonet/>  
<http://www.centros6.pntic.mec.es/eoi.de.hellin/recursosfrances.htm>  
<http://acronymes.dico1.com>  
<http://www.laits.utexas.edu/fi/home.html>  
<http://www.edu.xunta.es/contidos/>  
<http://www.ciudadesdelmundo.net/>  
[www.allocine.fr](http://www.allocine.fr)  
[www.dromadaire.com](http://www.dromadaire.com)

[www.wikipedia.org](http://www.wikipedia.org)  
<http://www.leconjugueur.com> (verbes)  
<http://platea.pntic.mec.es/cvera/hotpot/exos/index.htm>  
<http://www.tv5.org/TV5Site/jeunesse/quiz-860-5-langue-francaise.htm>  
<http://www.orthogram.com>  
[www.momes.net](http://www.momes.net)  
[www.paroles.net](http://www.paroles.net)  
<http://www.longman-voila.com>  
<http://phonetique.free.fr>  
[www.didieraccord.com](http://www.didieraccord.com)  
[www.webaction.net](http://www.webaction.net)  
[www.boulevard.net](http://www.boulevard.net)  
<http://www.quid.fr/france.html>  
<http://www.tv5.org>

**Xornais franceses on- line:** Le Monde, Le Figaro, Libération, Le Midi libre, Nice matin, Le Parisien, Ouest-France, Nice matin (régionaux)

[www.lemonde.fr](http://www.lemonde.fr)  
[www.liberation.fr](http://www.liberation.fr)  
[www.lefigaro.fr](http://www.lefigaro.fr)  
[www.ouestfrance.fr](http://www.ouestfrance.fr)

**Prensa xuvenil:**

[www.letudiant.fr](http://www.letudiant.fr)  
[www.phosphore.com](http://www.phosphore.com)  
[www.lavosvj.fr](http://www.lavosvj.fr)  
[www.cosinus-mag.com](http://www.cosinus-mag.com)  
[www.planete-jeunes.org](http://www.planete-jeunes.org)

**Dictionarios on-line:**

[www.wordreference.com/fres](http://www.wordreference.com/fres)  
[www.larousse.fr/dictionnaires/francais-espagnol](http://www.larousse.fr/dictionnaires/francais-espagnol)  
[www.lexilogos.com/espagnol](http://www.lexilogos.com/espagnol) langue [dictionnaires](#)

**Recursos audioiviusais:** de momento non contamos con DVD de cine francés en VO, pero iremos adquirindo algo do máis representativo do cine francés ou francófono.

## 16. Actividades complementarias e extraescolares

**16.1. Algunhas das actividades coas que contamos xa coas datas precisas son as seguintes:**

1º da ESO:

- Panxoliñas de Nadal interpretadas na escalinata principal: 20 / 12
- Concurso de postais de Nadal: 20 /12
- La Saint Valentin: postais con mensaxes:14 / 2

2º da ESO:

- Concurso de postais de Nadal.
- Panxoliñas de Nadal
- La Saint Valentin: postais con mensaxes

3º da ESO:

- VII xornadas gastronómicas: 18 / 5
- Teatro: “Cyrano de Bergerac”: 21 / 2

4º da ESO:

- Séjour en Saint Jean d´Angély: do 17 / 6 ao 25/6
- Teatro: “Cyrano de Bergerac”.
- Venda de lotería e pasteis para recadar fondos para o *séjour*

1º de BAC:

- Séjour en Saint Jean d´Angély.
- Teatro: “Cyrano de Bergerac”
- Intercambio: recibir alumnos de Vannes
- Excursión cos alumnos de Vannes a Sta Tecla e Valença: 15 / 10
- Venda de lotería e pasteis para recadar fondos para o *séjour*

2º de BAC:

- Séjour en Saint Jean d´Angély.
- Teatro “Cyrano de Bergerac”.
- Participación na “Matinée Théâtrale” do Xelmírez I.( maio)
- Preparación para os exames DELF B1 e B2 (xuño)
- Contacontos en francés para 1º e 2º ESO (15 de novembro)

**16.2. Outras actividades que se poderían realizar, se as circunstancias e o tempo os permitisen, son as seguintes:**

- Asistencia dos alumnos de 3º e 4º da ESO e 1º BAC a unha conferencia ou contacontos impartidos no centro.
- Saídas en horario escolar a diferentes zonas da cidade para aprender e practicar vocabulario referido ó entorno no que viven.
- Saídas en horario escolar para entrevistar a turistas franceses.

- Asistencia a algunha proxección en V.O. durante o Festival de Cine “Cineeuropa” de Santiago ou na sala Numax.
- Poderase programar unha saída para ver unha película en francés V.O. ou relacionada coa cultura francófona. Será dirixida, en principio, aos niveis de 3º e de 4º de ESO e 1º de Bacharelato. Pero tamén podería contemplarse a posibilidade de levar ao alumnado de 1º e 2º de ESO a esta ou a calquera outra actividade relacionada coa materia (podería ser no cine Numax).
- Visita a algunha exposición en Santiago, noutra cidade de Galicia ou do resto do estado, sempre que estea relacionada coa lingua e a cultura estudada.
- Poderá haber tamén algunha saída ocasional do centro para a filmación ou realización de actividades relacionadas coa materia, ou con algún eixo transversal.
- Proxección comentada de películas dobradas ou en V.O. no salón de actos ou na propia aula.
- Correspondencia en francés con alumnado doutros centros escolares europeos de Francia, Bélxica ou con outros países de calquera continente. Pode ser a través do programa Tuinning.
- Asistencia a unha representación teatral en francés
- Montaxe dalgunha exposición ou actividade relacionada co departamento ou en colaboración con outros departamentos e coa Biblioteca.
- Participación nas actividades convocadas pola APFG (Asociación de profesores de francés de Galicia), pola Alianza francesa, Escola de idiomas, Biblioteca Anxel Casal ou outras, etc.
- Posibilidade de traer ao Salón de actos ou ás clases un conferenciante, contacontos ou persoa que poida tratar temas culturais en francés.
- Poderase solicitar ser centro de acollida dun axudante lingüístico Erasmus
- Participación en calquera actividade organizada polo concello ou por outra institución, asociación....etc. que sexa interesante
- Preparación para os exames DELF B1 e DELF B2, que todos os anos a Alianza francesa de Santiago leva a cabo, así como as EOI. As familias serán informadas.

## **17. Procedemento e sistema de control, seguimento e avaliación do grao de consecución das competencias básicas e obxectivos da etapa, por parte do alumnado:**

- Producción de mensaxes sinxelas orais e escritas.
- Intercambios orais.
- Realización de actividades en parellas (xogos de memorización, intercambio de preguntas respostas según modelos...).
- Discriminación e repetición de sons.

- Repetición oral (palabras, frases, trabalenguas, cancións...).
- Lectura en voz alta.
- Cumprimentación de cadros e fichas.
- Confección de listas de palabras pertencentes a un determinado campo léxico.
- Extracción de informacións específicas en textos orais y escritos.
- Realización de actividades de verdadeiro ou falso, de clasificación, de encherocos, de terminación de frases, de relación.
- escoita e lectura simultáneas de micro-diálogos, conversas, cancións...
- Identificación de documentos auténticos (prensa xuvenil).
- Memorización de textos para a práctica da expresión oral.
- Observación e deducción das normas gramaticais e fenómenos lingüísticos.
- Deducción do significado dunha palabra pola súa similitude con palabras da lingua materna.
- Reflexión contrastiva lingua materna / francés.
- Recurso ao contexto visual para facilitara comprensión oral e lectora.
- Uso de técnicas de aprendizaxe.
- Utilización de estratexias lingüísticas e non lingüísticas para facilitar a expresión oral.
- Utilización dos cadros gramaticais do libro de texto.
- Recurso al glosario temático del libro de texto para facilitar la expresión y/o comprensión.
- Autoavaliación e reflexión sobre a aprendizaxe.

## **18. Procedemento e indicadores de logro para a avaliación da práctica docente e da Programación Didáctica.**

Utilizaremos os indicadores que inserimos a continuación para comprobar se o nivel de dificultade foi o adecuado, se houbo participación, etc.

### **A. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.**

**A.1 Indicadores de logro do proceso de ensino:** valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

1. nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
3. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
4. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

**A.2 Indicadores de logro da práctica docente:** valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

1. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
2. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
3. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
4. Combínase o traballo individual e en equipo.
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
6. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
7. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
8. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.

### **B. Avaliación da programación Didáctica.**

A programación e o seu desenvolvemento serán obxecto de seguimento e avaliación específicos segundo o criterio consensuado dos membros do departamento. Para iso, este aspecto será tratado, analizado e recollido nas actas un mínimo dunha vez por trimestre durante as reunións de departamento.

As posibles modificacións da programación que se propoñan ao longo do curso, xunto coa súa xustificación, quedarán reflectidas no libro de actas e tamén na memoria final.

Na avaliación inicial da programación débese observar que a programación cumpre cos obxectivos prantexados polo centro e pola Área lingüística. Así mesmo, ao longo do curso avaliarase a programación en todos os seus apartados en tres fases:

Nun primeiro momento será a **profesora** quen determinará o grao de cumprimento da programación inicial en cada grupo e as modificacións propostas nos diferentes apartados ao contrastala coa realidade na aula.

Posteriormente, nas **reunións de Departamento** concretaranse os cambios a realizar de forma aillada nun grupo ou a nivel xeral en todo un curso.

Finalmente comentaranse os cambios que afecten a todo un curso nas reunións da Área onde se avalie a idoneidade da programación e dos seus apartados contrastando os cambios propostos nas diferentes materias para mellorar o rendemento do alumnado dentro da Área Lingüística e poder tomar decisións para mellorar a programación no seu conxunto. Todo este seguimento verase tamén reflectido na Memoria final de departamento, onde se fai unha valoración da programación e as propostas para a mellora da mesma.

**Indicadores de logro:** valoraranse de 1 a 4 os seguintes indicadores:

1. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.



2. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
3. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
4. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
5. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
6. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final (só para ESO e bacharelato).
7. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. (só para ESO e bacharelato).
8. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. (só para ESO e bacharelato).
9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes (só para ESO e bacharelato).
10. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
11. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
12. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
13. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
14. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

### **C. Constancia de información ao alumnado**

Os primeiros día do curso, cada profesora do departamento informará aos alumnos e alumnas de todos os aspectos da programación. Dedicarase, xa que logo, unha parte importante da primeira sesión a mostrarlles basicamente os contidos obxecto de estudo incidindo sobre todo nos contidos mínimos, a súa **temporalización, a metodoloxía didáctica, os procedementos e os instrumentos de avaliación (tipos de probas), os criterios ou sistema de cualificación e o programa e/ou actividades de reforzo e recuperación de pendentes.**

Así mesmo, para completar este apartado, cada membro do departamento, incluírá outras indicacións que considere pertinentes (incluídas respostas ás posibles preguntas ou dúbidas do alumnado sobre o desenvolvemento xeral da materia nas clases), e aproveitará eses primeiros días para avanzarlles aos alumnos e alumnas a información sobre as **actividades complementarias e extraescolares** que o departamento ten previsto realizar no presente curso escolar.

Tamén, naturalmente, cada profesor indicará ao alumnado o material necesario para as clases e, se cómpre, asesoralo para que adquira o máis adecuado.

O profesor explicarlle e daralle por escrito aos alumnos as **normas** que se seguirán na clase así coma os **criterios de avaliación.**

Finalmente, daráselle unha breve información sobre a bibliografía que pode consultar para, chegado o caso, completar o estudo da materia.

**Este será o documento que se entregará ao alumnado a principios de curso:**

### Curso 2016 – 2017. Normas

#### 1. Material

- Libro, “cahier” e libreta (ou folios numerados e ordeados nunha carpeta). Os de 1º BAC, tamén o material de Michael.
- Bolígrafo azul, bolígrafo vermello, lápiz e goma.

#### 2. Traballo de clase e de casa

##### 2.1. Criterios de cualificación:

O noso proceso de avaliación será: continuo, formativo e sumativo.

- **Continuo**, recupérase un trimestre, superando o seguinte
- **Formativo** ao longo de todo o curso.
- **Sumativo**: controis, traballo e actitude.

	1º e 2º de ESO	3º e 4º de ESO, 1º e 2º Bac
Contidos e procedementos	70%	80%
Caderno	20%	10%
Actitude	10%	10%

##### 2.2. Caderno

- Título e páxina da unidade o comezo de cada carilla
- Data en francés (con letra) dos exercicios, vocabulario ou redaccións.
- Vocabulario do tema
- Exercicios correspondentes. Cópiase o enunciado
- Unidade nova, carilla nova.
- Escríbese só en azul. Os exercicios poden contestarse a lápiz. Corríxese en vermello. Se está a lápiz, bórrase e corríxese.

- O vocabulario e os verbos practícaranse na casa escribíndoos sen mirar. Se vai mal, táchase e repítense cinco veces. Hai que ensinarlle ao profesor os folios onde se practicou, coa data, título e páxina da unidade.
- Os traballos que non van na libreta (redaccións, audicións, exposicións, etc), deberán levar sempre a data e os folios numerados.

### **2.3. Actitude e comportamento:**

Implica o seguinte:

- Facer as tarefas diarias correctamente, con limpeza e coidado
- Entrega as composicións e tarefas na data sinalada
- Estudar a diario
- Chegar sempre puntuais. Xustificar as faltas
- Traer sempre o material: libro, caderno e “cahier”
- Demostrar interese por mellorar:
  - Participar na clase (cada 2 positivos suma unha décima. Cada dous negativos restan unha décima).
  - Bo comportamento e actitude correcta.
  - Actitude respetuosa cara os compañeiros
  - Non abandonar a asignatura. Considérase abandono:
    - A non asistencia continuada á clase
    - Non traer o material reiteradamente
    - Non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa.
    - Deixar os exames en branco.

**Se o alumno non cumpre co seu traballo ou non respeta as normas, o profesor enviará unha nota aos pais no propio caderno do alumno que deberá traer asinado**

Asdo:

**Programación didáctica do departamento de francés**  
**IES Rosalía de Castro**  
**Curso 2016-2017.**

- Procedementos de avaliación (**Punto 7 da Programación**)
- Criterios de cualificación (**Punto 8**)
- Estándares mínimos de aprendizaxe de 1º,2º,3º,4º de ESO; 1º de Bacharelato, 1º Bacharelato Libre configuración, 2º de Bacharelato (**Punto 3**)

## **7. Procedementos de avaliación**

As probas que se proporán nas tres avaliacións serán orais e escritas, presentadas sempre desde un punto de vista eminentemente práctico e, por suposto, sobre os temas tratados na clase. Ao longo do curso faranse un ou dous controis orais e un ou dous controis escritos **por trimestre** en todos os cursos de ESO e en 1º e 2º de Bacharelato; dado que se trata dunha avaliación continua, non haberá exames de recuperación, aínda que si pode haber alguna ficha ou actividade de reforzo para realizar na aula o na casa. Ao aprobar a 2ª avaliación queda recuperada a 1ª e o mesmo sucede ao aprobar a 3ª avaliación que recupera todo o anterior. Na convocatoria extraordinaria de setembro haberá unha proba escrita.

Utilizaranse para unha correcta avaliación os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

1. Observación sistemática por parte das profesoras.
2. Exercicios orais e escritos sobre as unidades traballadas

3. Traballos individuais e traballo en equipo. Avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e a responsabilidade (data presentación dos traballos, etc.).
4. Controis trimestrais tanto orais como escritos
5. Pequenos diálogos escritos u orais
6. Lecturas
7. Documentos audiovisuais con preguntas
8. Exposicións orais
9. Revisión do Caderno

O exposto na **Táboa 3** relativo a instrumentos de avaliación nos cursos LOMCE, aplicarase en todos os cursos, dado que xa utilizabamos as directrices do Marco Común de referencia para as linguas, que establece claramente as catro destrezas avaliábeis na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: comprensión e expresión oral; comprensión e expresión escrita. Polo tanto, o tipo de probas utilizadas medirán os estándares de aprendizaxe dos cinco bloques.

## 8. Criterios de cualificación

O noso proceso de avaliación será:

- **Continuo**, recupérase un trimestre, superando o seguinte
- **Formativo** ao longo de todo o curso.
- **Sumativo**: controis, traballo e actitude.

Porcentaxes	1º e 2º de ESO	3º e 4º de ESO. 1º e 2º BAC
<b>Contidos e procedementos</b>	<b>70%</b>	<b>80%</b>
<b>Caderno</b>	<b>20%</b>	<b>10%</b>
<b>Actitude</b>	<b>10%</b>	<b>10%</b>

O proceso de avaliación estará centrado, non só nos contidos, senón tamén na forma de traballar e a disposición do alumno cara a clase e a materia. Entendemos que os procedementos van relacionados íntimamente cos conceptos, polo que á hora de valoralos farémolo en conxunto.

Os puntos da actitude (10% en 1º e 2º, 3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de bacharelato), conseguiranse demostrando unha actitude positiva e esforzo en mellorar, polo que valoraremos os seguintes parámetros:

- Traballo persoal (ao nivel de cada alumno) na clase e na casa:
  - Facer as tarefas a diario correctamente, con limpeza e coidado.
  - Entregar as composicións e tarefas propostas na data marcada.
  - Estudiar a diario e para os exames.
  - Caderno
- Chegar sempre a tempo e xustificar as faltas.

- Traer sempre o material: son necesarios libro de texto, caderno persoal, o material solicitado polo profesor.
- Demostrar interese por mellorar e avanzar no estudio do idioma mediante:
  - A participación na clase.
  - O bo comportamento e actitude correcta (silenciosa e á vez participativa).
  - A actitude respetuosa cara todos os membros da clase.
  - Non abandono da asignatura. Consideramos abandono:
    - A non asistencia continuada e inxustificada á clase.
    - Non traer o material reiteradamente.
    - Non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa.
    - Deixar os exames en branco.

É moi importante realizar todas as actividades que manda o profesor, tanto para a clase como para a casa.

### **3. Estándares mínimos esixibles**

#### **3.1. Estándares mínimos esixibles de 1º de ESO**

##### **B1. Comprensión de textos orais:**

SLEB1.1. Comprende preguntas básicas sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.

SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.

SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa.

##### **B2. Produción de textos orais:**

SLEB2.1. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala.

SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos.

SLEB2.5. Preséntase e da e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas.

##### **B3. Comprensión de textos escritos:**

SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a

necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.

SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.

#### **B.4. Producción de textos escritos:**

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).

SLEB4.4. Escribe mensaxes ou correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.

#### **B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe:**

SLEB5.1. Identifica sons e graffías de fonemas básicos. Produce con suficiente intelixibilidade **léxico** escrito e oral básico relativo aos seguintes campos semánticos:

Saúdos, material escolar, colexio: horarios, materias, o corpo, adxectivos, cores, roupa, casa, o tempo atmosférico, descrición física, obxectos persoais, familia, animais domésticos, días, meses, estacións, alimentos e bebidas, Números 1-30, lecer e deporte, transportes.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.

SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, utilizando adecuadamente o léxico necesario e as **estruturas sintáctico-discursivas** seguintes:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*parce que*); finalidade (*pour*); comparación (*plus, moins*); explicativas (*parce que*).
- Relacións temporais (*avant, après*).
- Exclamación (*Oh là là! On y va!*); interxección (*oui!, non! Zut!*)
- Negación (*ne/n'...pas*).
- Interrogación (*qui est-ce ?, qu'est-ce que c'est ?, quoi, quand, comment, pourquoi, où; réponses (p. ex. oui, non); est-ce que?; adjectif interrogatif (p. ex. quel est ton sport préféré?)*).
- Expresión do tempo: presente. Verbos: *s'appeler, être, avoir, parler* (e verbos da 1ª conxugación) *faire, aller, prendre, vouloir, devoir, savoir, pouvoir, boire, manger, venir*. Comprensión oral e escrita do imperativo.



- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (*présent*).
- Petición (*pouvoir*: *est-ce que je peux... ?*); intención/deseño (*vouloir*); cortesía (*distinction tu/vous*).
- Expresión da existencia (presentativos, *c'est, ce sont*); da entidade (p. ex. *articles définis, indéfinis, noms, pronoms personnels sujet (on), pronoms toniques*); os presentativos (ex. *c'est, voilà, il est*); a posesión (adxectivos posesivos dun só propietario); a existencia (ex. *il y a, il n'y a pas*); a cualidade (xénero e número dos adxectivos regulares).
- Expresión da cantidade: (plurais regulares; números cardinais ata 2 cifras; primeiros números ordinais; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un peu, trop, assez, beaucoup, un kilo...*)
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu avec villes et pays (en/au + pays, à + ville), position (ici), distance, mouvement, direction, provenance (venir de + ville), destination (aller à + ville)*).
- Expresión do tempo: puntual (*l'heure, moments du jour (le matin, le soir)*); indicacións de tempo (*aujourd'hui*); duración (*de... à*); secuenciación (*à partir de + heure*); frecuencia (*d'habitude*).
- Expresión do modo (*à / en + medios de transport*).

SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis,..) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

### 3.2. Estándares mínimos esixibles de 2º de ESO

#### B1. Comprensión de textos orais

SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.

SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.

SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre e a descrición moi básica dunha persoa.

#### B2. Producción de textos orais

SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións.

SLEB2.3. Pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.

SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, establece contacto social elemental, intercambia información moi básica e manifesta os seus gustos.

SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a.

### **B3. Comprensión de textos escritos**

SLEB3.1. Comprende globalmente textos adaptados relativos a temas do seu interese.

SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas referidas a necesidades inmediatas, especialmente se contan con apoio visual.

SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos e preferencias referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.

SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.

### **B.4. Produción de textos escritos**

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

SLEB4.4. Escribe correspondencia ou texto moi breve e sinxelo, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.









### **B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.

SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5. Coñece e utiliza adecuadamente os seguintes contidos sintáctico-discursivos:

-  Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*comme*); finalidade (*pour*); comparación (*le plus, le moins*); explicativas (*parce que*).
-  Negación (*pas de, rien*).
-  Expresión do tempo presente. Introducción do condicional (fórmula de cortesía: *je voudrais*).
-  Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*savoir*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseño (*je voudrais*); cortesía.
-  Expresión da existencia (*il y a, il n'y a pas*); a entidade (p. ex. *articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios); a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).
-  Expresión da cantidade: (números cardinais; números ordinais e *articles partitifs*). Adverbios de cantidade (*un peu, trop, pas assez + Adj.*).
-  Expresión do espazo (*prépositions et adverbos de lieu (sur, sous,...), direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)*).
-  Expresión do tempo: puntual (*demain matin, jeudi soir*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).

### 3.3. Estándares mínimos esixibles de 3º de ESO

#### B1. Comprensión de textos orais

SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión global.

SLEB1.2. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara.

SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos) nas que se utilicen estruturas sinxelas.

SLEB1.4. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese.

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

#### B2. Produción de textos orais

SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas.

SLEB2.2. Desenvólvese en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades,

etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.

SLEB2.3. Participa en conversas informais breves, cara a cara e intercambia información e opinións de xeito sinxelo e breve, invitacións e ofrecementos, pídesse e ofrécese cousas.

### **B3. Comprensión de textos escritos**

SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.

SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas.

SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

### **B.4. Produción de textos escritos**

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), na que se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e se aceptan ofrecementos e suxestións.

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).

SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.

### **B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.

SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente o **léxico e as estruturas sintáctico- discursivas** necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.

**Léxico básico** relacionado cos seguintes ámbitos:

- **Léxico oral e escrito básico de uso común:** identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades básicas da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; educación; compras; alimentación ; transporte, tempo meteorolóxico. vacacións; e estudo.
- **Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos moi básicos e moi habituais** (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias, expresións sinxelas de gustos), e léxico sobre temas relacionados con contidos moi sinxelos e predicibles doutras áreas do currículo.
- **Estruturas sintáctico- discursivas propias do francés:**
- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposición (par *contre*); causa (comme); finalidade (afin *de* + *Inf.*); comparación (plus/moins *que*); consecuencia (donc); explicativas (parce *que*).
- Relacións temporais (de... à, *dans, il y a, en*).
- Exclamación (Oh là là! *On y va! Quel+nom !*); *locutions adverbiales* (Tout fait ! *Bien sûr!*).
- Negación.
- Interrogación (que, *quoi; inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non, pron. tonique + aussi/non plus)*).
- Expresión do tempo: presente; pasado (*passé récent, passé composé: participes passés avec les accords*); futuro (*futur proche*). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: *j'aimerais*).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *toujours, d'habitude*); incoativo; terminativo (*venir de + Inf.*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*déclaratives*); (*être capable de*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*avoir besoin de + infinitif, il faut*); obriga/prohibición (*il faut, verbe devoir, permiso demander*); (avoir imperativo); (*pouvoir, intención/deseño envie de*) ; cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (articles, *noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); proposicións adxectivais (qui/que)); a cualidade (posición dos adxectivos, *facile/ difficile à...*); a posesión (adxectivos posesivos).
- Expresión da cantidade: (números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs). Adverbios de cantidade e medidas (un (*tout petit*) *peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres...*); o grao. □ □ Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: puntual (*moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir*) ; *en (année)*); indicacións de tempo (*après- demain, avant-hier, tout de suite*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).
- Expresión do modo.

### 3.4. Estándares mínimos esixibles de 4º de ESO

## **B1. Comprensión de textos orais**

SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión global, axustándoo ás necesidades da tarefa e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro de estudos), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos), sempre que se fale amodo e con claridade.

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

## **B2. Producción de textos orais**

SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.

## **B3. Comprensión de textos escritos**

SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.

SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián.

SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; descríbense persoas, obxectos, lugares e actividades; nárranse acontecementos presentes, pasados e futuros.

SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).

#### **B.4. Produción de textos escritos**

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describen experiencias persoais; se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.

SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

#### **B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*non seulement...mais aussi*); disxunción (*ou bien*); causa; finalidade; comparación; consecuencia (*alors, donc*).
- Relacións temporais (*puis, finalement, tout de suite, enfin, pendant, pendant que + Indic.*).
- Exclamación.

- Negación (*ne...jamais, ne... rien, ne... personne, ne...plus*).
- Interrogación (*Quel, quelle, quels, quelles*).
- Expresión do tempo: presente (verbos irregulares), pasado (*passé composé, imparfait*), futuro (*futur proche, futur simple*), condicional (fórmulas de cortesía e consello).
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples), durativo (*en + date*), habitual (*parfois, jamais*), incoativo (*futur proche*), terminativo (*passé récent*).
- Expresión da modalidade: factualidade; permiso; intención/deseño (*j'aimerais beaucoup faire qqch.*); cortesía.
- Expresión da existencia (presentativos); a entidade (artigos, morfoloxía), pronomes persoais; pronomes persoais OD e OI, a posesión (adxectivos posesivos).
- Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais; números ordinais; artigos partitivos). Adverbios de cantidade.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, direction, provenance, destination*; pronome "y").
- Expresión do tempo: indicacións de tempo (*la semaine dernière, le mois dernier*); frecuencia (*toujours, souvent, pas souvent, parfois, jamais*).
- Expresión do modo (*Adv. de manière en -ment*).

### 3.5. Estándares mínimos exixibles de 1º de Bacharelato

#### B 1.-Comprensión de textos orais.

SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.).

SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros educativos), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente.

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal.

SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo.

#### B2. Expresión de textos orais



SLEB2.1. Fai presentaciónns ensaiadas previamente, breves sobre aspectos concretos de temas académicos sinxelos do seu interese e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.

SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.

SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas.

SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro.

### **B3. Comprensión de textos escritos.**

SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.

SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou académico (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas) de convivencia no ámbito público e educativo.

SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).

SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus centros de interese.

### **B4. Produción de textos escritos.**

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas.

SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, académica ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.

SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.

SLEB4.5. Redacta nun formato convencional, textos expositivos breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema académico, ou outros temas relacionados cos seus centros de interese, facendo breves descrições e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, e conclusión).

### **B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe.**

SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente o **léxico**<sup>1</sup> e as **estructuras sintáctico-discursivas**<sup>2</sup> seguintes.

#### **1.-Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:**

- Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; saúde e educación; compras e actividades comerciais.
- Medios de comunicación: prensa, televisión,...
- Vida escolar e futuro profesional
- Expresar o punto de vista sobre asuntos relacionados cos seus centros de interese.
- Servizos básicos.
- Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.
- Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.

Calquera outro que se considere centro de interese.

## 2.-Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (*alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même*); causa (*puisque*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*plus...plus, moins...moins, plus...moins, moins...plus*); consecuencia (*de telle manière que, de façon à ce que*); condición (*si, même si + Indic.*); estilo indirecto.
- Relacións temporais (*depuis, de... jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que*).
- Exclamación (*Hélas!*)
- Negación
- Interrogación
- Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*il était une fois*); habitual (*de temps en temps, chaque, tous les*); incoativo, terminativo.
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*réussir à*); posibilidade/probabilidade (*c'est (presque) certain*); necesidade; obriga/prohibición (*défense de, défendu de + Inf.*); permiso (*permettre de faire qqch. à qq'un, donner la permission à qq'un de faire qqch*); intención/deseo (*penser/espérer + Inf.*); condicional (*conditionnel présent*); cortesía.
- Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"); proposicións adxectivais); a cualidade; a posesión.
- Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: puntual (*dans n° jours*); divisións (*dans les années, quinzaine*); indicacións de tempo (*au début, à la fin, en début de semaine*); duración (*matinée, journée, soirée*); secuenciación (*premièrement, deuxièmement*); simultaneidade (*lorsque, lors de + nom*); frecuencia (*tous/ toutes les..., généralement, quelquefois, rarement, presque jamais*).
- Expresión do modo (*de cette manière, de cette façon là*).

### 3.6. Estándares mínimos esixibles de 1º de Bacharelato (Libre configuración)

#### B1. Comprensión de textos orais

SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.).

SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros educativos), e os puntos principais e a información relevante cando se lle fala directamente.

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas sobre diversos asuntos cotiás ou de interese persoal.

SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo.

## **B2. Produción de textos orais**

SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves sobre aspectos concretos de temas académicos sinxelos do seu interese e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.

SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.

SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas.

SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro.

## **B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.

SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente o léxico<sup>1</sup> e as estruturas sintáctico-discursivas<sup>2</sup> seguintes.

**1.-Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:**

- Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; saúde e educación; compras e actividades comerciais.
- Medios de comunicación: prensa, televisión,...
- Vida escolar e futuro profesional
- Expresar o punto de vista sobre asuntos relacionados cos seus centros de interese.
- Servizos básicos.
- Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.
- Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.  
Calquera outro que se considere centro de interese.

**2.-Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais**

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (*alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même*); causa (*puisque*); finalidade (*de façon à, de manière à + Inf.*); comparación (*plus...plus, moins...moins, plus...moins, moins...plus*); consecuencia (*de telle manière que, de façon à ce que*); condición (*si, même si + Indic.*); estilo indirecto.
- Relacións temporais (*depuis, de... jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que*).
- Exclamación (*Hélas!*)
- Negación
- Interrogación
- Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.
- Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (*il était une fois*); habitual (*de temps en temps, chaque, tous les*); incoativo, terminativo.
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (*réussir à*); posibilidade/probabilidade (*c'est (presque) certain*); necesidade; obriga/prohibición (*défense de, défendu de+ Inf.*); permiso (*permettre de faire qqch. à qq'un, donner la permission à qq'un de faire qqch*); intención/deseo (*penser/espérer + Inf.*); condicional (*conditionnel présent*); cortesía.
- Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"; proposicións adxectivais); a cualidade; a posesión.
- Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: puntual (*dans n° jours*); divisións (*dans les années*,

*quinzaine*); indicacións de tempo (*au début, à la fin, en début de semaine*); duración (*matinée, journée, soirée*); secuenciación (*premièrement, deuxièmement*); simultaneidade (*lorsque, lors de + nom*); frecuencia (*tous/ toutes les..., généralement, quelquefois, rarement, presque jamais*).

- Expresión do modo (*de cette manière, de cette façon là*).

## **Estándares mínimos esixibles de 2º de Bacharelato**

### **B1. Comprensión de textos orais**

SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc...), e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades académicas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

SLEB1.4. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo: tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros educativos).

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses e a expresión de sentimentos.

SLEB1.6. Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.

### **B2. Produción de textos orais**

SLEB2.1. Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.

SLEB2.2. Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas académicos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente,

explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

SLEB2.3. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara sobre asuntos cotiáns nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.

SLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información e axuda.

SLEB2.5. Toma parte en conversas formais e entrevistas de carácter académico ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade.

### **B3.Comprensión de textos escritos**

SLEB3.1. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.

SLEB3.2. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público institucional claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, académico ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).

SLEB3.3. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).

SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte, na que se describen feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

SLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).

SLEB3.7. Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias académicas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

#### **B.4. Produción de textos escritos**

SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, describe experiencias, narra feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.

SLEB4.2. Completa un cuestionario detallado con información persoal, académica ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.

SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.

SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información e solicitar un servizo respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.

#### **B.5. Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe**

SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.

SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as **estruturas sintáctico-discursivas e léxico** necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición/concesión; finalidade; comparación; consecuencia; condición; estilo indirecto.
- Relacións temporais (*alors que, tandis que*).
- Exclamación.
- Negación (*pas du tout*).



- Interrogación (*Question rapportée, ex: Il me demande à quelle heure commence le film?*).
- Expresión do tempo: presente, pasado e futuro.
- Expresión do aspecto: puntual, durativo e habitual.
- Expresión da modalidade: factualidade; capacidade; posibilidade/probabilidade; necesidade; obriga/prohibición; permiso; intención/deseño (*j'aimerais que/ je voudrais que/ j'aurais envie que/ ça me plairait que + Subj.*); *voix passive*; condicional; cortesía.
- Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"; a posesión (pronomes posesivos).
- Expresión da cantidade (*environ, à peu près, plus ou moins, le double, le triple...*, artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.
- Expresión do espazo (*prépositions et adverbies de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination*).
- Expresión do tempo: puntual, indicacións de tempo, duración (*toujours*), secuenciación (*pour conclure, comme conclusion*), simultaneidade e frecuencia.  
Expresión do modo (*Adv. de manière en -emment, -amment, ainsi*).